Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

108930

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bo-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:47:50
Nº Rexistro: 32591
Data envío: 28/08/2025 10:47:50.559

defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento do grupo de emerxencias supramunicipais cun período de vixencia 2025-2027.

O dito convenio atribúe ao Goberno galego a obriga de velar polo seu cumprimento e isto pasa tamén por controlar que por parte das outras administracións (concello e deputación) se asuman as competencias nel establecidas.

Competencias como garantir que a instalación base sexa axeitada para a prestación de servizos de emerxencias ou que se cumpra a normativa de prevención de riscos laborais.

Por outra banda, en relación coa cobertura, quedan en Galicia moitas zonas escuras sen cubrir e por exemplo en Pontevedra o intento frustrado de creación en Moraña ou a Lama fai que sega sen cubrir un territorio moi extenso e con alto risco de incendio forestal como son os concellos de Pontecaldelas, A Lama, Campolameiro ou Cerdedo-Cotobade.

En relación co reparto de material por parte da Xunta non se coñecen os criterios que utiliza, como exemplo, se repartiron camións a concellos que non tiñan GES e non a outros que os levan tempo reclamando por telos obsoletos. Repartos que, por outra parte, son totalmente discrecionais, xa que non existen criterios que os regulen.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar a resposta ante posibles emerxencias, en concreto:

1. Esixindo o cumprimento do Convenio de colaboración en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento do grupo de emerxencias supramunicipais asinado o 30 de decembro de 2024 entre a Xunta de Galicia, as catro deputacións e a Fegamp.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

108931

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:47:50
Nº Rexistro: 32591
Data envío: 28/08/2025 10:47:50.559

2. Establecendo uns criterios de reparto de material obxectivos que atendan por igual as necesidades de cada un dos territorios.

3. Elaborando un informe das zonas do territorio galego que quedan sen cubrir co fin de poder dotalas de servizos de emerxencias supramunicipais.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

108932

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/08/2025 10:43:43

Patricia Iglesias Rey na data 28/08/2025 10:43:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/08/2025 10:44:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:47:50
Nº Rexistro: 32591
Data envío: 28/08/2025 10:47:50.559

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 10:47:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:47:50
Nº Rexistro: 32591
Data envío: 28/08/2025 10:47:50.559

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:01:00
Nº Rexistro: 32598
Data envío: 28/08/2025 11:01:00,185

Asinado o día 28/08/2025 ás 10:58
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6ª**.

A transición enerxética xusta e sustentable require dun compromiso decidido das administracións públicas co impulso do autoconsumo e das comunidades enerxéticas locais como fórmulas de democratización da produción e consumo de enerxía limpa.

Neste contexto, o Goberno de España, a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), vén de resolver unha nova convocatoria do Programa CE Implementa, financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cun resultado moi favorable para Galicia.

Segundo anunciou o delegado do Goberno en Galicia o 25 de agosto de 2025, a nosa Comunidade recibirá 20,7 millóns de euros para a posta en marcha de oito novas comunidades enerxéticas locais, o que supón máis da metade (53 %) do total dos fondos concedidos en todo o Estado nesta convocatoria. Estas axudas permitirán desenvolver cinco comunidades enerxéticas en Vilar de Barrio (Ourense), unha en Sarreaus (Ourense), outra en Valdoviño (A Coruña) e unha máis en Vigo.

A nivel estatal, os 27 proxectos seleccionados suman 68 MW de nova potencia renovable e 56 kWh de almacenamento, amosando o dinamismo social e económico arredor destas iniciativas e o interese crecente da cidadanía en participar activamente na transición enerxética.

Asinado o día 28/08/2025 ás 10:58
Por Lara Méndez López

Asinado o día 28/08/2025 ás 10:57
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

108935

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:01:00
Nº Rexistro: 32598
Data envío: 28/08/2025 11:01:00.185

Cómpre subliñar que o Goberno de España vén adoptando medidas normativas e económicas de apoio ao autoconsumo e á xeración distribuída. Entre elas figura o proxecto do coñecido como “decreto antiapagamentos”, que incorporaba mecanismos de protección social fronte á crise enerxética e incluía tamén disposicións de fomento do autoconsumo. Un decreto que, cómpre lembrar, contou co voto en contra do PP e o BNG no Congreso dos Deputados, evidenciando a súa falta de compromiso real cunha transición enerxética xusta e accesible para a cidadanía.

Pola contra, a Xunta de Galicia non conta cun programa, cunha estratexia clara para apoiar o autoconsumo e as comunidades enerxéticas locais, limitándose a convocatorias testemuñais, con pouco orzamento, con baixa execución, o que amosa a falta de liderado do Goberno galego e que non aposta polo autoconsumo enerxético.

O contraste coa aposta do Goberno central resulta evidente: mentres se dota de recursos significativos e aposta por un modelo socialmente inclusivo, Galicia permanece á marxe, deixando pasar unha oportunidade para fortalecer o papel dos concellos, cooperativas e particulares na transición enerxética.

Por todo isto, e tendo en conta o interese crecente da sociedade galega en participar activamente na xeración e consumo de enerxía limpa, resulta urxente esixir á Xunta que rectifique a súa inacción neste ámbito.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Emitir un informe detallado no que se especifique cal foi o investimento realizado pola Xunta de Galicia nos últimos cinco anos para apoiar proxectos de autoconsumo e comunidades enerxéticas locais, detallando a súa execución orzamentaria.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

108936

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:01:00
Nº Rexistro: 32598
Data envío: 28/08/2025 11:01:00,185

2. Dar conta das razóns polas que Galicia non conta cun programa autonómico estable e ambicioso que fomente e apoio real ás comunidades enerxéticas locais, ao contrario do que acontece con programas estatais como o CE Implementa.

3. Impulsar de inmediato unha estratexia galega de apoio ao autoconsumo e ás comunidades enerxéticas locais, con financiamento estable, simplificación administrativa e asesoramento técnico a concellos, cooperativas e particulares interesados.

4. Cooperar activamente co Goberno de España e co IDAE para aproveitar ao máximo os fondos europeos do Plan de Recuperación, garantindo que chegan ao tecido social e produtivo galego.

Parlamento de Galicia, 27 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

108937

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 28/08/2025 10:57:54

Lara Méndez López na data 28/08/2025 10:58:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/08/2025 10:58:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:01:00
Nº Rexistro: 32598
Data envío: 28/08/2025 11:01:00,185

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 11:01:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:01:00
Nº Rexistro: 32598
Data envío: 28/08/2025 11:01:00,185

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:11:18
Nº Rexistro: 32605
Data envío: 28/08/2025 11:11:18.406

Asinado o día 28/08/2025 ás 11:08
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Patricia Iglesias Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

A Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela constitúe un recurso fundamental para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e galego-portugués, tanto para estudantes como para profesionais e cidadanía en xeral. O dominio de idiomas resulta chave para a empregabilidade, a mobilidade académica e laboral, así como para a proxección internacional da capital de Galicia, cidade universitaria e de forte atracción cultural e turística.

Asinado o día 28/08/2025 ás 11:08
Por Julio Abalde Alonso

Porén, a EOI de Santiago leva anos arrastrando limitacións de espazo, escaseza de aulas e infraestruturas que dificultan a correcta organización das súas actividades. O crecemento da demanda de alumnado e a diversidade de niveis obriga a unha planificación complexa, cun número insuficiente de aulas dispoñibles para atender con normalidade as clases presenciais.

A isto súmase a necesidade de ampliar a oferta de idiomas impartidos. Mentres noutras cidades galegas se ofrecen máis linguas estranxeiras, a EOI de Santiago non ten experimentado un desenvolvemento proporcional á súa relevancia como cidade de referencia educativa. Isto supón unha limitación para o alumnado que se quere formar en linguas estratéxicas para o futuro laboral, económico e cultural de Galicia.

Asinado o día 28/08/2025 ás 11:08
Por Patricia Iglesias Rey

Resulta urxente que a Xunta de Galicia dea resposta a estas necesidades, tanto no eido de infraestruturas (habilitación de novos espazos e aulas) como no de programación académica (ampliación de idiomas ofertados).

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

108940

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:11:18
Nº Rexistro: 32605
Data envío: 28/08/2025 11:11:18.406

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan urxente de ampliación de espazos e infraestruturas na Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, garantindo un número suficiente de aulas adaptadas ás necesidades actuais de matrícula.
2. Comprometer os recursos orzamentarios necesarios no próximo exercicio para acometer as actuacións de mellora ou ampliación do edificio da EOI ou, se for preciso, habilitar novos espazos para docencia.
3. Ampliar a oferta de idiomas da EOI de Santiago, incorporando linguas de demanda social e laboral crecente, e garantir que o alumnado poida acceder a unha formación plurilingüe acorde co rango da cidade e co papel estratéxico das linguas para Galicia.
4. Abrir un diálogo coa comunidade educativa da EOI de Santiago (profesorado, alumnado e equipos directivos) para consensuar prioridades de infraestruturas e programación académica.

Parlamento de Galicia, 27 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

108941

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 28/08/2025 11:08:40

Julio Abalde Alonso na data 28/08/2025 11:08:48

Silvia Longueira Castro na data 28/08/2025 11:08:55

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/08/2025 11:09:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:11:18
Nº Rexistro: 32605
Data envío: 28/08/2025 11:11:18.406

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 11:11:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:11:18
Nº Rexistro: 32605
Data envío: 28/08/2025 11:11:18.406

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:40:09
Nº Rexistro: 32616
Data envío: 28/08/2025 11:40:09.379

Asinado o día 28/08/25
11:37
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

Galicia vén sufrindo unha progresiva degradación do seu territorio forestal debido á falta dunha política de planificación eficaz e á desatención histórica do medio rural. Os incendios forestais, cada vez máis frecuentes e intensos, están afectando gravemente espazos naturais protexidos que constitúen o noso maior patrimonio ambiental e cultural.

Asinado o día 28/08/2025 ás
11:37
Por Carlos López Font

Durante este verán de 2025, unha nova vaga de lumes devastou miles de hectáreas en zonas de alto valor ecolóxico, afectando espazos como o Parque Natural do Invernadoiro, as Fragas do Eume, a Enciña da Lastra, Pena Trevinca, *Parque Natural* Baixa Limia-Xurés ou O Courel. Estes espazos son cruciais para a conservación da biodiversidade, a regulación hídrica, a mitigación do cambio climático e o desenvolvemento sustentable do rural galego.

Todo isto ten como consecuencia a destrución do solo, a perda de hábitats e a afectación do patrimonio cultural ante a pasividade da Consellería de Medio Ambiente que estivo ausente.

Asinado o día 28/08/2025 ás
11:37
Por Paloma Castro Rey

Desde o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia consideramos imprescindible revisar en profundidade as políticas forestais e ambientais da Xunta de Galicia do PP e dar un xiro cara a un modelo de xestión forestal

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

108944

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:40:09
Nº Rexistro: 32616
Data envío: 28/08/2025 11:40:09.379

sostible, planificado e participado, baseado na prevención real, na restauración ecolóxica e na dotación adecuada dos servizos públicos ambientais.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incluír nos plans de ordenación dos espazos naturais protexidos afectados polos incendios:

- Zonificación detallada por grao de afectación.
- Revisión dos mosaicos de usos do solo que combinen conservación, actividades agroforestais sostibles e áreas de protección activa.
- Incremento dos cortalumes verdes e corredores ecolóxicos.
- Melloras na planificación da xestión activa da biomasa forestal, combinando medios mecánicos, pastoreo controlado e uso do lume prescrito baixo supervisión técnica.

2. Elaborar e presentar no Parlamento, antes de rematar este período de sesións, un informe técnico completo sobre a valoración dos danos causados pola vaga de incendios do verán de 2025, tanto desde o punto de vista ambiental, como social, económico e patrimonial, indicando as medidas adoptadas e previstas para a súa recuperación.

3. Impulsar un plan de restauración ambiental dos espazos naturais protexidos, baseado na mellor evidencia científica e en colaboración coas universidades galegas, concellos afectados e entidades sociais do territorio.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

108945

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:40:09
Nº Rexistro: 32616
Data envío: 28/08/2025 11:40:09.379

4. Incrementar os recursos materiais e humanos destinados á conservación e xestión dos parques naturais de Galicia, garantindo que dispoñan de medios suficientes durante todo o ano para desenvolver tarefas de prevención, vixilancia, educación ambiental e restauración, mellorando as condicións laborais e promovendo a coordinación interadministrativa.

5. Establecer medidas de protección, rexistro e posta en valor do patrimonio cultural, arquitectónico e arqueolóxico localizado en zonas forestais, integrando a súa conservación nas estratexias de prevención e restauración tras os incendios.

6. Reforzar a educación ambiental e a implicación cidadá, mediante programas públicos de sensibilización, formación e voluntariado ambiental, especialmente en contornas rurais e entre a mocidade.

7. Aumentar a cooperación transfronteiriza e a captación de fondos europeos, incrementando a participación activa en programas como Firepocetp+, Resfire ou Atempo que permitan aplicar solucións innovadoras en materia de xestión forestal e resiliencia climática.

Parlamento de Galicia, 28 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

108946

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/08/2025 11:37:26

Carlos López Font na data 28/08/2025 11:37:39

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/08/2025 11:37:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:40:09
Nº Rexistro: 32616
Data envío: 28/08/2025 11:40:09.379

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 11:40:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:40:09
Nº Rexistro: 32616
Data envío: 28/08/2025 11:40:09.379

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

Este verán 2025 Galicia sufriu un incremento preocupante dos incendios forestais, afectando con especial gravidade a espazos naturais protexidos como as Fragas do Eume, o *Parque Natural* Baixa Limia-Xurés, o Parque Natural do Invernadoiro, a Serra do Courel ou a contorna de Pena Trevinca.

Estes lugares representan non só un valor ambiental incalculable, senón tamén unha fonte de biodiversidade, patrimonio paisaxístico e riqueza para o desenvolvemento sostible do rural galego.

A falta dunha planificación preventiva axeitada por parte da Xunta de Galicia, así como a inexistencia de medidas específicas adaptadas a estes territorios, evidencia unha política forestal centrada unicamente na extinción, esquecendo o coidado continuo e a prevención como ferramentas chave para evitar desastres ambientais que, ano tras ano, se repiten e cada vez con máis virulencia.

Galicia por fin conta con plans de xestión e uso dos seus parques naturais pero neste contexto, resulta urxente que a maiores a *Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático* elabore e implante un plan integral de prevención nos espazos naturais protexidos (PIPENP), que actúe de maneira específica e adaptada á realidade de cada parque ou reserva.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:38:01
Nº Rexistro: 32635
Data envío: 28/08/2025 13:38:01.310

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar e implantar, no prazo máximo de seis meses, como anexo aos plans reitores de uso e xestión, un plan integral de prevención nos Espazos Naturais Protexidos (PIPENP), que inclúa, como mínimo:

- a) A elaboración dun plan específico de prevención de incendios para cada parque natural ou espazo da Rede Natura 2000 afectado ou en risco.
- b) A avaliación detallada dos riscos de incendio mediante o uso de cartografía avanzada, sistemas de teledetección e análises xeoespaciais, en coordinación cos servizos técnicos e universidades galegas.
- c) A revisión e mellora no deseño e execución de zonas de transición natural (como franxas verdes, corredores ecolóxicos ou discontinuidades forestais) que actúen como barreiras ao lume e favorezan a conectividade ecolóxica.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

108950

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/08/2025 13:34:55

Carlos López Font na data 28/08/2025 13:35:04

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/08/2025 13:35:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:38:01
Nº Rexistro: 32635
Data envío: 28/08/2025 13:38:01.310

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 13:38:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:38:01
Nº Rexistro: 32635
Data envío: 28/08/2025 13:38:01.310

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Jose Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos:

Os problemas do servizo ferroviario en Galicia son moitos, cada ano agrávanse e a deixadez do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible é a principal causa de todos eles.

Investimentos pendentes dende hai anos, supresións de servizos dende a pandemia, falta de ofertas de prazas, frecuencias insuficientes, incumprimentos de horarios, tempos de viaxe e supresión de servizos sen previo aviso, material obsoleto con continuas avarías, caídas da web e limites a compra anticipada. Ese é o día a día do ferrocarril galego, resultado dunha xestión negligente que reflicte o abandono do goberno de Sánchez a Galicia.

Pero si xa de por sí a situación do ferrocarril é de abandono e precariedade este verán a realidade a realidade foi extremadamente crítica e caótica, principalmente como consecuencia da virulencia e extensión dos incendios forestais que puxeron de manifesto unha vez máis a vulnerabilidade da infraestrutura ferroviaria en Galicia provocando unha serie de problemas en cascada para milleiros de viaxeiros.

A interrupción do tráfico ferroviario por motivos de seguridade, en moitas ocasións durante períodos prolongados, conlevou por parte de Renfe a suspensión do servizo afectando a máis de 30.000 viaxeiros, abandoaos na maioría dos casos a súa sorte.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 28/08/2025 ás
13:53
Por Alberto Pazos Couñago





A interrupción do servizo, a falta de información e non proporcionar unha alternativa xerou unha autentica odisea para os pasaxeiros.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do goberno de España:

1.-A posta en marcha das medidas urxentes necesarias para que non se volva repetir o caos ferroviario que se desata cada vez que se suspende o servizo ferroviario pola causa que sexa; tanto no referente aos medios a dispoñer, información ás persoas usuarias e comunicación e coordinación coas Administracións afectadas.

2.- Ao desbloqueo con carácter urxente de proxectos prioritarios retrasados e dos que non se teñen novas”

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2025.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/08/2025 13:53:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:58:16
Nº Rexistro: 32640
Data envío: 28/08/2025 13:58:16.779

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 13:58:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:58:16
Nº Rexistro: 32640
Data envío: 28/08/2025 13:58:16.779

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Luís Bará Torres, Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia**, sobre a non adxudicación das obras de xestión de biomasa en faixas secundarias.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que A Xunta dea conta canto antes no Parlamento da non adxudicación das obras de xestión de biomasa en faixas secundarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 20 de xuño de 2025 publicouse na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (PCPG), a licitación do expediente de contratación por lotes de traballos de xestión de biomasa en faixas secundarias, cun valor estimado de 2.278.560 €. O órgano contratante é SEAGA, servizos agrarios galegos SA empresa 100% de capital da Xunta de Galiza. O obxecto deste contrato é a roza e a conseguinte eliminación dos restos das faixas secundarias na contorna dos núcleos fundamentalmente nas parroquias catalogadas como priorizadas por risco de lume.

Dende o BNG mostramos o noso asombro por que este contrato que sería para as parroquias mais perigosas en canto ao risco de lume se publica no mes de xuño; cando xa estamos no verán e debería estar xa xestionada dita biomasa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A consecuencia deste atraso inxustificado e que case a finais de agosto so se adxudicaron dous lotes dos oito lotes dos que constaba este contrato e o mais grave de todo non se executou absolutamente nada deste contrato.

Unha vez mais esta actuación demostra que o grado de pasotismo e negligencia da conselleira de Medio Rural señora Gómez, e o seu xefe o señor Rueda é tal que pon en perigo a vida das mulleres e homes do rural

Até aquí temos un procedemento administrativo que demostra a negligencia da consellería do medio rural non adxudicando este contrato de prevención para evitar os lumes no entorno das nosas parroquias con mais perigo. Non imos entrar agora en si o orzamento era suficiente ou non; dende logo para o BNG o apoio as medidas de prevención é moi escaso, deberíase investir moito máis en prevención.

Neste verán, sobre todo no que vai de mes de agosto prodúcese unha vaga de incendios forestais que provocan os incendios mais grandes da historia deste País. A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país

A gravidade veu provocada polos grandes lumes que queimaron máis de 125.000 has, segundo os datos de Copernicus, arrasando ao seu paso monte arborado, mato, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e o que é máis grave aldeas e vivendas e deixando tamén persoas feridas.

Diante desta situación gravísima non se entende como pode seguir no cargo a responsable política á fronte da Consellería do Medio Rural que non cumpriu o seu cometido mantendo os montes abandonados sen labores de prevención.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, para o BNG a actuación da conselleira e do seu xefe, o señor Rueda, merece un suspenso total e absoluto, e polo tanto xa non deberían seguir a fronte do goberno de Galiza. Un goberno que abandona as mulleres e homes do noso rural, e provoca un dano económico, social e medioambiental sen precedentes non debe seguir.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia:

Por que a Xunta de Galiza non sacou antes este contrato de prevención nas parroquias de alto risco?

Por se chegou ao mes de agosto sen que se xestionara a biomasa nas faixas secundarias, das nosas parroquias con mais risco tal e como se prevé no convenio?

Por que actuou de forma tan negligente a conselleira do Medio Rural non realizando estas obras de roza e eliminación de biomasa?

Como xustifican a conselleira señora Gómez e o presidente Rueda esta pasividade, negligencia e abandono das súas función e que levou que non se realizaran estas medidas de prevención nas nosas parroquias?

Ten previsto dimitir a conselleira do Medio Rural asumindo a súa responsabilidade política pola desidia, negligencia e pasividade na súa xestión á fronte da Consellería?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 29/08/2025 13:04:55

Luis Bará Torres na data 29/08/2025 13:05:02

Ariadna Fernández González na data 29/08/2025 13:05:11

Montserrat Valcárcel Armesto na data 29/08/2025 13:05:19

Sonia Vidal Lamas na data 29/08/2025 13:05:29



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 13:06:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 13:06:36
Nº Rexistro: 32819
Data envío: 29/08/2025 13:06:36.270

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 29/08/2025
13:22
Por Sonia Vidal Lama

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia**, relativa á non adxudicación das obras de prevención de incendios forestais.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que a Xunta dea conta canto antes en sede parlamentar sobre a non adxudicación das obras de prevención de incendios forestais.

Asinado o día 29/08/2025 ás
13:22
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado novembro do 2024 publicábase na plataforma de contratos públicos de Galiza a Obras para a prevención de incendios forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

As citadas obras de prevención ante os incendios forestais e segundo di o obxecto do contrato teñen como obxecto desta licitación desenvolverse no ámbito territorial de 9 distritos forestais das catro provincias de Galiza, divididos en lotes e da resposta a algúns dos obxectivos establecidos no Plan de Prevención do PLADIGA, os seguintes:

Asinado o día 29/08/2025 ás 13:22
Por Secundino Fernández
Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- Deseñar unha rede de infraestruturas preventivas correctamente dimensionada e mantela en bo estado de conservación.

- Xestionar a biomasa forestal en zonas estratéxicas mediante técnicas silvícolas axeitadas, co fin de reducir a perigosidade e o risco de incendio forestal.

O orzamento destinado para estas obras tiña un importe duns e 3M de €.

Estamos en agosto do 2025 e aínda non se adxudicou dito contrato. Nove meses despois de saír a licitación non se adxudicaron co cal tampouco se puideron levar a cabo os traballos de prevención que prevían con estas obras.

Até aquí temos un procedemento administrativo que demostra a negligencia da consellería do medio rural non adxudicando este contrato de prevención para evitar os lumes nos nosos montes. Non imos entrar agora en si o orzamento era suficiente ou non; dende logo para o BNG o apoio as medidas de prevención é moi escaso, deberíase investir moito máis en prevención.

Neste verán, sobre todo no que vai de mes de agosto prodúcese unha vaga de incendios forestais que provocan os incendios mais grandes da historia deste País. A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

A gravidade veu provocada polos grandes lumes que queimaron máis de 125.000 has, segundo os datos de Copernicus, arrasando ao seu paso monte arborado, mato, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e o que é máis grave aldeas e vivendas e deixando tamén persoas feridas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante desta situación gravísima non se entende como pode seguir no cargo a responsable política á fronte da Consellería do Medio Rural que non cumpriu o seu cometido mantendo os montes abandonados sen labores de prevención.

En definitiva, para o BNG a actuación da conselleira e do seu xefe, o sr Rueda, merece un suspenso total e absoluto, e polo tanto xa non deberían seguir a fronte do goberno de Galiza. Un goberno que abandona as mulleres e homes do noso rural, e provoca un dano económico, social e medioambiental sen precedentes non debe seguir.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia:

Por que a Xunta de Galiza non adxudicou as obras de prevención que sacou a licitación en novembro de 2024?

Por que actuou de forma tan negligente a conselleira do Medio Rural non adxudicando estas obras de prevención?

Como xustifican a conselleira señora Gómez e o presidente Rueda esta pasividade, negligencia e abandono das súas función e que levou que non houbera medidas de prevención nos nosos montes?

Ten previsto dimitir a conselleira do Medio Rural asumindo a súa responsabilidade política pola desidia, negligencia e pasividade na súa xestión á fronte da Consellería?

Santiago de Compostela, a 29 de agosto de 2025



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 29/08/2025 13:22:01

Montserrat Valcárcel Armesto na data 29/08/2025 13:22:10

Sonia Vidal Lamas na data 29/08/2025 13:22:20

Ariadna Fernández González na data 29/08/2025 13:22:34

Luis Bará Torres na data 29/08/2025 13:22:47



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 13:26:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 13:26:50
Nº Rexistro: 32832
Data envío: 29/08/2025 13:26:50,944

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Luís Bará Torres, Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia**, sobre a non aprobación das axudas para prevención dos danos causados aos bosques por incendios.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que a Xunta dea conta canto antes en sede parlamentar sobre a non aprobación das axudas para prevención dos danos causados aos bosques por incendios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de xaneiro publicábase no DOG a *ORDE do 30 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027 e se convocan para o ano 2025.*

A citada orde é a única dirixida as comunidades de montes veciñais en man común e agrupacións forestais para prevención contra os incendios forestais.

Tal e como expón o artigo 1 da citada orde o seu obxectivo é: *A finalidade desta orde é a incentivación na colaboración dos titulares de montes veciñais en man común e as agrupacións forestais de xestión conxunta na realización de traballos de silvicultura preventiva*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que contribuirá a minorar as consecuencias e os impactos negativos que os incendios forestais poidan provocar sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción destes montes, de gran importancia na nosa comunidade e, en conxunto, sobre a fauna, a flora e a paisaxe de Galiza

No seu artigo 7 indicaba: *Actuacións subvencionábeis*

As actuacións que se subvencionarán teñen por obxecto a prevención de incendios forestais, polo tanto, estarán encamiñadas a eliminar ou reducir os riscos que poden ser causa da súa ocorrencia ou propagación. As accións que se subvencionan consistirán no control da biomasa en áreas devasa, devasas e faixas auxiliares de pista, coa finalidade de reducir a carga de combustible existente no monte e crear zonas con descontinuidade horizontal e vertical, contribuíndo así a diminuír o risco de propagación de incendios forestais e a minimizar os danos causados por estes sinistros, en caso de se produciren. Estes traballos realizaranse sempre dentro do ámbito territorial do monte ou montes para os que a persoa beneficiaria solicite a subvención.

O orzamento destinado para estas axudas tiña un importe de 3.900.000,00 €, ampliado posteriormente nunha modificación da orde até os 5.400.000 €. Non imos entrar agora en si o orzamento era suficiente ou non; dende logo para o BNG o apoio as medidas de prevención é moi escaso, debería-se investir moito máis en prevención.

O prazo de presentación era un mes, polo que dito prazo acabou o pasado 25 de febreiro. Estamos a finais de agosto, polo tanto pasaron 6 meses dende que se esgotou o prazo de solicitude. Transcorrido dito prazo a Consellería do Medio Rural non aprobou as axudas, co cal tampouco se puideron levar a cabo os traballos de prevención que promovían ao abeiro destas axudas as entidades solicitantes.

Até aquí temos un procedemento administrativo que demostra a negligencia da consellería do medio rural non aprobando estas axudas para evitar os lumes nos nosos montes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste verán, sobre todo no que vai de mes de agosto prodúcese unha vaga de incendios forestais que provocan os incendios mais grandes da historia deste País. A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país

A gravidade veu provocada polos grandes lumes que queimaron máis de 125.000 has, segundo os datos de Copernicus, arrasando ao seu paso monte arborado, mato, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e o que é máis grave aldeas e vivendas e deixando tamén persoas feridas.

Diante desta situación gravísima non se entende como pode seguir no cargo a responsable política á fronte da Consellería do Medio Rural que non cumpriu o seu cometido mantendo os montes abandonados sen labores de prevención.

En definitiva, para o BNG a actuación da conselleira e do seu xefe, o sr Rueda, merece un suspenso total e absoluto, e polo tanto xa non deberían seguir a fronte do goberno de Galiza. Un goberno que abandona as mulleres e homes do noso rural, e provoca un dano económico, social e medioambiental sen precedentes non debe seguir.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia:

Por que a Xunta de Galiza non aprobou as axudas ao abeiro da orde do 30 de decembro de 2024?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que actuou de forma tan negligente a conselleira non aprobando estas axudas tan necesarias?

Como xustifica a conselleira señora Gómez esta pasividade, negligencia e abandono das súas función e que levou que non houbera medidas de prevención nos nosos montes?

Ten previsto dimitir a conselleira do Medio Rural asumindo a súa responsabilidade política pola desidia, negligencia e pasividade na súa xestión á fronte da Consellería?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 01/09/2025 9:59:36

Luis Bará Torres na data 01/09/2025 9:59:43

Ariadna Fernández González na data 01/09/2025 9:59:53

Montserrat Valcárcel Armesto na data 01/09/2025 10:00:00

Sonia Vidal Lamas na data 01/09/2025 10:00:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 10:01:33
Nº Rexistro: 32892
Data envío: 01/09/2025 10:01:33,263

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 10:01:33
Nº Rexistro: 32892
Data envío: 01/09/2025 10:01:33,263

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 10:01:33

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 02/09/2025
02:00
Por Ariadna Fernández

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González, Olalla Rodil Fernández e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa á a cobertura sanitaria durante este verán.

Asinado o día 02/09/2025 ás
01:54
Por Iria Carreira Pazos

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada pola situación da sanidade no verán de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular na Xunta de Galiza na vez de planificar os recursos para garantir a atención sanitaria das galegas e galegos durante os meses de verán, optou por facer o mesmo que outros anos, consistente en deixar os servizos baixo mínimos que os profesionais fagan moito máis traballo.

Volveu pechar 750 camas, ter baixo mínimos quirófanos, probas diagnósticas e consultas, cando hai 360 mil persoas en lista de espera hospitalaria. Unha bolsa de voluntarios para cubrir gardas nos PAC, incluído persoal do 061. Oferta de mobilidade temporal a centros de saúde que precisen reforzos, e dicir, deixar o seu posto e ir cubrir outros con “máis necesidades”. Recorrer aos MIR de cuarto ano, que non remataron o período de formación.

Asinado o día 02/09/2025 ás
01:54
Por María Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Desde o BNG advertímoslle que facer o mesmo que nos anos anteriores, con resultados catastróficos, non era moi intelixente agardar resultados sexan distintos.

Para sorpresa de ninguén a situación da atención sanitaria en Galiza no verán foi desastrosa. O propio Conselleiro tivo que recoñecer que as demoras en Atención Primaria eran máis altas do que lle gustaría, e que son mellorábeis os tempos de agarda.

Estes lugares representan non só un valor ambiental incalculable, senón tamén unha fonte de biodiversidade, patrimonio paisaxístico e riqueza para o desenvolvemento sostible do rural galego.

A falta dunha planificación preventiva axeitada por parte da Xunta de Galicia, así como a inexistencia de medidas específicas adaptadas a estes territorios, evidencia unha política forestal centrada unicamente na extinción, esquecendo o coidado continuo e a prevención como ferramentas chave para evitar desastres ambientais que, ano tras ano, se repiten e cada vez con máis virulencia.

Galicia por fin conta con plans de xestión e uso dos seus parques naturais pero neste contexto, resulta urxente que a maiores a *Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático* elabore e implante un plan integral de prevención nos espazos naturais protexidos (PIPENP), que actúe de maneira específica e adaptada á realidade de cada parque ou reserva.

Asinado o día 28/08/2025 ás
13:36
Por Carlos López Font

Asinado o día 28/08/2025 ás
13:36
Por Paloma Castro Rey





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:38:47
Nº Rexistro: 32637
Data envío: 28/08/2025 13:38:47,136

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Existe en Galicia unha verdadeira política de prevención nos espazos naturais protexidos?
2. Que medidas de recuperación dos espazos naturais protexidos polas vagas de lume do verán 2025 ten previsto implementar a Xunta?
3. Tralo acontecido este verán 2025 vai o Goberno galego implementar novas medidas de prevención para evitar a destrución dos espazos naturais protexidos?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109156

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/08/2025 13:36:07

Carlos López Font na data 28/08/2025 13:36:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:38:47
Nº Rexistro: 32637
Data envío: 28/08/2025 13:38:47,136

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 13:38:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:38:47
Nº Rexistro: 32637
Data envío: 28/08/2025 13:38:47,136

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, María Deza Martínez, Carmen Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Roberto Rodríguez Martínez, Katherine Varela Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Campero Dorado e Argimiro Marnotes Fernández deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Os problemas do servizo ferroviario en Galicia son moitos, cada ano agrávanse e a deixadez do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible é a principal causa de todos eles.

Investimentos pendentes dende hai anos, supresións de servizos dende a pandemia, falta de ofertas de prazas, frecuencias insuficientes, incumprimentos de horarios, tempos de viaxe e supresión de servizos sen previo aviso, material obsoleto con continuas avarías, caídas da web e límites a compra anticipada. Ese é o día a día do ferrocarril galego, resultado dunha xestión negligente que reflicte o abandono do goberno de Sánchez a Galicia.

Pero si xa de por sí a situación do ferrocarril é de abandono e precariedade este verán a realidade a realidade foi extremadamente crítica e caótica, principalmente como consecuencia da virulencia e extensión dos incendios forestais que puxeron de manifesto unha vez máis a vulnerabilidade da infraestrutura ferroviaria en Galicia provocando unha serie de problemas en cascada para milleiros de viaxeiros.

A interrupción do tráfico ferroviario por motivos de seguridade, en moitas ocasións durante períodos prolongados, conlevou por parte de Renfe a suspensión do servizo afectando a máis de 30.000 viaxeiros, abandoaos na maioría dos casos a súa sorte. A interrupción do servizo, a falta de información e non proporcionar unha alternativa xerou unha auténtica odisea para os pasaxeiros.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Polo exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentan a seguinte pregunta oral:

Que valoración fai a Xunta de Galicia ante o Caos ferroviario ocasionado por mor da vaga de lumes?

Santiago de Compostela, 28 de agosto 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 28/08/2025 13:54:29

María Deza Martínez na data 28/08/2025 13:54:45

Carmen Pomar Tojo na data 28/08/2025 13:54:54

José Luis Ferro Iglesias na data 28/08/2025 13:55:08

Roberto Rodríguez Martínez na data 28/08/2025 13:55:25

Katherinie Varela Fernández na data 28/08/2025 13:55:33

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/08/2025 13:55:49

Cristina Campero Dorado na data 28/08/2025 13:56:01

Argimiro Marnotes Fernández na data 28/08/2025 13:56:12



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 13:58:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:58:42
Nº Rexistro: 32642
Data envío: 28/08/2025 13:58:42.873

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32097
Data envío: 22/08/2025 18:01:58,650

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A práctica deportiva é unha actividade esencial para o desenvolvemento integral das crianzas e da mocidade. Numerosos estudos demostran os beneficios físicos, emocionais e sociais da actividade deportiva regular durante a infancia e a adolescencia: contribúe á mellora da saúde, á prevención da obesidade, ao desenvolvemento de hábitos de vida saudables, á adquisición de valores como o compañeirismo, a disciplina ou o esforzo, e á construción dunha identidade persoal positiva e resiliente.

A participación en actividades deportivas estruturadas, como o deporte federado, tamén axuda a fortalecer o sentimento de pertenza, mellora o rendemento académico e facilita a integración social, especialmente entre menores en situacións de vulnerabilidade ou risco de exclusión.

Porén, o acceso á práctica deportiva non é igual para todas as familias. Os custos asociados —equipamento, cotas de inscrición, desprazamentos, recoñecementos médicos ou participación en competicións— supoñen unha barreira real para os fogares con menos recursos económicos. Esta desigualdade pon en risco o principio de equidade e pode derivar nunha exclusión de feito de moitos nenos e nenas do sistema deportivo.

Por este motivo, dende o grupo socialista entendemos como necesario que a Xunta de Galicia colabore activamente coas familias, especialmente coas que presentan dificultades económicas, mediante axudas directas e mecanismos de

Asinado o día 22/08/2025 ás
17:59
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 22/08/2025 ás
17:59
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

109163

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



apoio que garantan que ningún neno ou nena quede fóra do deporte por razóns económicas.

Entendemos que para isto cómpre aprobar unha medida consistente na concesión de axudas económicas directas ás familias e que a dita liña de axudas:

- Estea dirixida a familias empadroadas no territorio galego.
- Estableza como criterio de acceso un límite de renda familiar, que deberá ser determinado pola propia Xunta en función dos baremos sociais e económicos que considere adecuados.
- Permita axudas por menor federado ou federada, cun límite máximo por unidade familiar.
- Cubra total ou parcialmente gastos como o material deportivo, as cotas de inscrición ou federación.

Esta medida contribuiría a reforzar o compromiso institucional co dereito á igualdade de oportunidades no acceso á cultura deportiva e ao lecer activo, e suporía unha aposta clara polo apoio ás familias e á mocidade, especialmente en tempos de dificultades económicas.

E só así poderemos asegurar un acceso xusto, inclusivo e igualitario á práctica deportiva, entendida non como un luxo, senón como un dereito constitucional e unha ferramenta chave de benestar e cohesión social.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que é necesario colaborar activamente coas familias, especialmente coas que presentan dificultades económicas, mediante axudas directas e mecanismos de apoio que garantan que ningún neno ou nena quede fóra do deporte por razóns económicas?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32097
Data envío: 22/08/2025 18:01:58,650

2.Ten previsto aprobar algún tipo de medida económica para este fin?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109165

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/08/2025 17:59:34

Patricia Iglesias Rey na data 22/08/2025 17:59:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32097
Data envío: 22/08/2025 18:01:58,650

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 18:01:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32097
Data envío: 22/08/2025 18:01:58,650

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 13:45:57
Nº Rexistro: 32231
Data envío: 25/08/2025 13:45:57,461

Asinado o día 25/08/2025 ás 13:41
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López; deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), como ente público dependente da Xunta de Galicia, cumpre unha función esencial na promoción e dinamización da economía galega, o apoio ao tecido empresarial, a atracción de investimentos e a planificación de políticas públicas no eido económico.

No seu marco de actuación, a oficina económica do Igape desempeña tarefas estratéxicas que inclúen a análise económica, a elaboración de informes, a avaliación de programas e o deseño de políticas de desenvolvemento.

Nos últimos anos, constatouse unha crecente tendencia á externalización destas funcións chave a empresas privadas, incluíndo informes técnicos, asesoramentos estratéxicos e mesmo labores de xestión de fondos públicos. Esta externalización supón, en moitos casos:

- A perda de control directo sobre información sensible e estratéxica da economía galega.
- A opacidade na toma de decisións, ao quedar fóra do marco da función pública.
- Un incremento do gasto público destinado a contratacións externas, en detrimento do fortalecemento dos cadros de empregados públicos e técnicos internos.
- A desvalorización do traballo do persoal do Igape, así como a limitación das capacidades da administración galega para xerar coñecemento propio.

Asinado o día 25/08/2025 ás 13:40
Por Lara Méndez López

Asinado o día 25/08/2025 ás 13:40
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

109168

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 13:45:57
Nº Rexistro: 32231
Data envío: 25/08/2025 13:45:57,461

O uso moderado e xustificado da externalización pode ter sentido en casos puntuais e altamente especializados, pero a súa utilización sistemática e xeneralizada representa un risco para a autonomía, a eficacia e a transparencia da administración pública. Unha oficina económica forte, con recursos e capacidade técnica interna, é clave para o deseño dunha política económica galega ao servizo do interese xeral público.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é o número total de contratos de externalización realizados pola oficina económica do Igape nos últimos cinco anos?
2. Cal foi o importe económico global destinado a ditos contratos durante ese período?
3. Que tipos de tarefas ou funcións foron externalizadas a empresas privadas pola oficina económica do Igape?
4. Que criterios segue a dirección do Igape para determinar cando se recorre a empresas externas en lugar de executar as tarefas con persoal propio?
5. Cal é o número actual de persoas empregadas no departamento económico do Igape con funcións técnicas propias da administración?
6. Existe algún plan por parte da Xunta de Galicia para reforzar o persoal técnico interno do Igape e reducir a dependencia de empresas externas?
7. Que medidas de control e avaliación aplica a Xunta de Galicia sobre a calidade, independencia e eficacia dos informes ou servizos contratados externamente polo Igape?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 13:45:57
Nº Rexistro: 32231
Data envío: 25/08/2025 13:45:57,461

Parlamento de Galicia, 25 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109170

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/08/2025 13:40:40

Lara Méndez López na data 25/08/2025 13:40:56

Elena Espinosa Mangana na data 25/08/2025 13:41:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 13:45:57
Nº Rexistro: 32231
Data envío: 25/08/2025 13:45:57,461

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 13:45:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 13:45:57
Nº Rexistro: 32231
Data envío: 25/08/2025 13:45:57,461

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 13:54:58
Nº Rexistro: 32237
Data envío: 25/08/2025 13:54:58,713

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A provincia de Ourense volve estar no centro da traxedia dos incendios forestais en Galicia, situando a Ourense como unha das zonas máis vulnerables de toda España ante os lumes.

Esta situación non é allea á realidade demográfica e socioeconómica da provincia.

Ourense perdeu máis do 30 % da súa poboación nos últimos 50 anos, e só no século XXI se reduciu en máis de 40.000 habitantes.

Hoxe, apenas 305.500 persoas residen na provincia, cunha poboación cada vez máis envellecida: máis do 62 % ten máis de 45 anos e só o 13 % son menores de 20 anos. A natalidade é unha das máis baixas do Estado.

A consecuencia directa desta realidade é o abandono progresivo do territorio: menos servizos, menos xente, menos actividade agraria e gandeira, menos aproveitamento forestal.

A gandaría extensiva, clave para reducir a biomasa acumulada e previr incendios, retrocede ano tras ano. O resultado é un monte cada vez máis abandonado, cunha cantidade de combustible vexetal que alimenta lumes máis intensos e incontrolables.

Asinado o día 25/08/2025 ás
13:52
Por Lara Méndez López

Asinado o día 25/08/2025 ás
13:52
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109173

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 13:54:58
Nº Rexistro: 32237
Data envío: 25/08/2025 13:54:58,713

No plano económico, a provincia sitúase por baixo da media estatal. Esta debilidade económica, unida á perda de poboación e á falta de políticas estruturais, agrava a vulnerabilidade fronte aos incendios. Sen que a Xunta de Galicia faga nada o respecto

Por todo iso, cómpre coñecer con detalle cal foi a superficie queimada concello por concello, os medios despregados pola Xunta —incluíndo o número de brigadistas—, así como as medidas de prevención adoptadas.

A maior abundamento o Goberno galego débese comprometer cun plan de recuperación que combine prevención, dinamización rural e apoio o sectores afectados pola vaga de lumes.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Considera o Goberno galego que a perda de poboación e a diminución da actividade agroforestal son factores determinantes na acumulación de biomasa e, por tanto, na virulencia dos incendios forestais en Ourense?
2. Vai realizar o Goberno galego con urxencia un estudo sobre os sectores afectados na provincia de Ourense?
3. Cal foi o número real de hectáreas queimadas en cada concello da provincia de Ourense durante a campaña de 2025?
4. Que medios humanos e materiais despregou a Xunta en cada un dos concellos afectados, especificando o número de compoñentes por brigadas así como vehículos, motobombas e medios aéreos empregados?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

109174

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 13:54:58
Nº Rexistro: 32237
Data envío: 25/08/2025 13:54:58,713

5. Que medidas ten previstas a Xunta de Galicia para apoiar a recuperación da gandaría extensiva, a actividade agraria e forestal e a fixación de poboación nos concellos máis afectados polos lumes?

6. Vai a Xunta elaborar un plan específico para a provincia de Ourense que integre a loita contra os incendios, a dinamización rural e a recuperación socioeconómica dos territorios afectados?

7. Vai establecer, con urxencia, o Goberno galego un plan de axudas para os sectores castigados pola vaga de lumes na provincia de Ourense?

Parlamento de Galicia, 25 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109175

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/08/2025 13:52:30

Lara Méndez López na data 25/08/2025 13:52:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 13:54:58
Nº Rexistro: 32237
Data envío: 25/08/2025 13:54:58,713

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 13:54:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 13:54:58
Nº Rexistro: 32237
Data envío: 25/08/2025 13:54:58,713

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32250
Data envío: 25/08/2025 14:10:18,478

Asinado o día 25/08/25
14:07
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O pasado 20 de agosto de 2025, diversos medios recolleron a denuncia do PSdeG pola falta de transparencia e de información puntual, real e efectiva sobre os incendios forestais que arrasaron Galicia neste verán.

Segundo esas informacións, a Xunta limítase a actualizar unha páxina web só dúas veces ao día, sen ofrecer datos en tempo real sobre a superficie queimada, a evolución dos lumes, as zonas de risco nin as localidades afectadas por confinamentos ou evacuacións.

Esta práctica contrasta coa magnitude da emerxencia, que xa superou as 68.000 hectáreas arrasadas en Galicia en 2025, e coa necesidade de que a cidadanía dispoña de información precisa para actuar con seguridade.

A nosa voceira, Carmen Rodríguez Dacosta reclamou ao Goberno galego transparencia absoluta e unha comunicación á altura da situación, a través de comparecencias públicas diarias dos responsables autonómicos, información clara sobre estradas cortadas, zonas en risco, medidas de evacuación e protocolos de actuación.

A opacidade e insuficiencia informativa que denunciámos non só prexudica a confianza da cidadanía, senón que pode poñer en risco a seguridade das persoas afectadas, limitar a coordinación dos servizos de emerxencia e xerar alarma innecesaria ou desinformación.

Asinado o día 25/08/2025 ás
14:07
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 25/08/2025 ás
14:07
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

109178

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32250
Data envío: 25/08/2025 14:10:18.478

O Parlamento de Galicia, como máximo órgano de representación democrática, non pode permanecer alleo a esta situación. É necesario establecer mecanismos de información pública fiables, constantes e accesibles, reforzar os sistemas dixitais e garantir que a cidadanía reciba comunicación oficial en tempo real.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Ten previsto o Goberno galego intensificar a información pública sobre os incendios activos, ofrecendo datos en tempo real accesibles para toda a cidadanía?
2. Por que motivo se limita a actualización do portal *web* oficial a dúas veces ao día, sendo insuficiente como xa denunciou o PSdeG?
3. Vai establecer a Xunta comparecencias informativas diarias obrigatorias dos responsables da loita contra os incendios?
4. Contempla o Executivo galego mellorar o portal web institucional con mapas interactivos e sistemas de alerta inmediata?
5. Que protocolos de coordinación informativa existen entre o CECOPI, Protección Civil, concellos e medios de comunicación para garantir unha mensaxe oficial unificada?
6. Comprométese o Goberno galego a entregar ao Parlamento informes periódicos sobre a xestión da comunicación dos incendios e as melloras implementadas?

Parlamento de Galicia, 22 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

109179

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/08/2025 14:07:10

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/08/2025 14:07:17

Lara Méndez López na data 25/08/2025 14:07:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32250
Data envío: 25/08/2025 14:10:18.478

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 14:10:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32250
Data envío: 25/08/2025 14:10:18,478

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32259
Data envío: 25/08/2025 14:57:38,493

Asinado o día 25/08/2025 ás 14:54
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O 9 de xullo de 2025 o Goberno de España presentou no Congreso dos Deputados un ambicioso Plan estatal de prevención e loita contra a corrupción, elaborado en colaboración coa OCDE, o Consello de Europa (GRECO), a Comisión Europea e o Foro de Goberno Aberto.

Este plan representa un avance histórico na modernización institucional e na construción dunha cultura pública de integridade e transparencia, con especial atención á contratación pública, ámbito sensible con alto risco de irregularidades e de fraude. A colaboración con expertos internacionais garante que estas medidas estean baseadas nas boas prácticas recoñecidas a nivel mundial.

A opacidade na actuación das administracións públicas constitúe un factor que favorecen moitas irregularidades na contratación pública se materialicen.

O cumprimento do principio de transparencia ao que se debe axustar a contratación do sector público actúa como ferramenta fundamental para controlar as decisións adoptadas polos órganos de contratación e contribúe a minimizar a comisión de abusos ou irregularidades.

Por parte do Goberno galego hai desleixo sistemático, ano tras ano, na aplicación das recomendacións que o Consello de Contas realiza con criterios técnicos e rigor profesional. Falamos tamén de irregularidades contables no

Asinado o día 25/08/2025 ás 14:53
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 25/08/2025 ás 14:53
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

109182

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32259
Data envío: 25/08/2025 14:57:38,493

Sergas, de opacidade nas entidades do sector público instrumental e dun uso abusivo dos contratos menores- nos que hai adxudicatarias con vínculos familiares do ex-Presidente da Xunta de Galicia e de altos cargos do Goberno galego- que impiden a concorrência, vulnera a lei de contratos e favorece prácticas clientelares.

Por parte do Consello de Contas de Galicia ao fiscalizar a contratación pública do Goberno galego vense sinalando que, atendendo ao resultado da avaliación efectuada e ás principais conclusións extraídas, débense aprobar unha serie de medidas para favorecer a transparencia da actividade contractual, sobre todo coa finalidade de diminuír o abuso dos contratos menores e aqueles contratos nos que non hai concorrência.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Comprométese o Goberno galego a que todas as conselleiras e entidades do sector público autonómico, para diminuír o abuso dos contratos menores, a aprobar un plan anual de contratación, identificando as necesidades que se van reiterar ao longo do exercicio e aquelas que se manteñen por un tempo superior a un ano?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia incorporar tecnoloxías de intelixencia artificial á Plataforma de Contratos Públicos de Galicia para previr, detectar e corrixir irregularidades, fraudes ou actos de corrupción nas distintas entidades do sector público autonómico?
3. Que recursos orzamentarios destinou a Xunta nos últimos dous anos á modernización tecnolóxica da contratación pública?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32259
Data envío: 25/08/2025 14:57:38,493

4. Realizou a Xunta algún estudo de viabilidade ou análise comparada con outras plataformas europeas que xa empregan IA para detectar fraudes en contratación?

5. Vai a Xunta de Galicia a desenvolver algoritmos e bandeiras vermellas que permitan detectar en tempo real fraccionamento do obxecto dos contratos menores, irregularidades e incumprimentos durante a execución contractual?

Parlamento de Galicia, 25 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

28071 Madrid

109184

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/08/2025 14:53:47

Paloma Castro Rey na data 25/08/2025 14:53:56

Elena Espinosa Mangana na data 25/08/2025 14:54:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32259
Data envío: 25/08/2025 14:57:38,493

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32259
Data envío: 25/08/2025 14:57:38,493

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 14:57:39

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32267
Data envío: 25/08/2025 16:14:40,177

Asinado o día 25/08/2025 ás 16:12
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A construción do Centro de Saúde de Moaña era unha necesidade prioritaria para os veciños e veciñas do concello.

Non foi un camiño fácil, aínda que non imos facer historia, porque nos levaría a cambiar de década e facer un longo percorrido ata principios da actual.

Aínda que si nos imos a parar un pouco no ano 2020, para poder entender o contexto actual.

O 13 de xaneiro do ano 2020 o entón conselleiro de Sanidade, o Sr. Almuíña, convoca a unha reunión á alcaldesa de Moaña, para avanzar na redacción dun convenio de colaboración respecto ao Centro de saúde.

Dous días máis tarde, o Concello de Moaña, recibe o borrador de convenio enviado polo Sergas. No mesmo detéctase un problema, dado que non prevé manter o PAC no novo centro de Saúde, dado que textualmente di: “Así mesmo, valorarase ao finalizar as obras de construción do novo centro de saúde a posibilidade de manter un Punto de Atención Continuada no concello de Moaña”.

E é por mor deste parágrafo do convenio cando pola mesa local da sanidade se pide rectificación no sentido de que debe recoller explicitamente que o novo centro de saúde vai contar cun PAC, polo menos, ata que se constrúa o CIS do Morrazo.

Asinado o día 25/08/2025 ás 16:12
Por Carlos López Font

Asinado o día 25/08/2025 ás 16:12
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

109187

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bo-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32267
Data envío: 25/08/2025 16:14:40.177

Quedando ao final unha cláusula que recolle esta demanda. En concreto di:
“Así mesmo, o novo centro de saúde contará cunha zona destinada a Punto de Atención Continuada para prestar este servizo en Moaña, mentres non se constrúa o Centro Integral de Saúde”.

Consideramos que non só é necesario dar cumprimento aos acordos asinados, senón que é unha necesidade en materia sanitaria para o concello de Moaña.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a reunirse co Concello de Moaña, en función do recolleito no convenio asinado entre ambas as institucións o 25 de febreiro do ano 2020, e en concreto convoque a Comisión de seguimento do devandito convenio referente á construción do novo centro de saúde de Moaña?
2. Está disposta a Xunta de Galicia, a dar cumprimento ao convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Moaña, no referente á dotación do Punto de Atención Continuada?

Parlamento de Galicia, 25 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109188

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 25/08/2025 16:12:09

Carlos López Font na data 25/08/2025 16:12:21

Silvia Longueira Castro na data 25/08/2025 16:12:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32267
Data envío: 25/08/2025 16:14:40,177

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32267
Data envío: 25/08/2025 16:14:40,177

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 16:14:40

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32274
Data envío: 25/08/2025 17:48:19.107

Asinado o día 25/08/2025 ás 17:44
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

As contornas naturais e ao aire libre son de vital importancia para o desenvolvemento integral dos nenos, nenas e adolescentes, polo seu benestar físico e tamén social, mental e afectivo. Non só o contacto coa natureza, tamén o tempo de xogo e relación ao aire libre.

Os nenos e nenas, durante a súa vida escolar, pasan moitas horas no patio da súa escola como espazo de xogo libre, ás que lle debemos sumar as horas de educación física, as das actividades de aprendizaxe curricular que fan ao aire libre e as das actividades extraescolares.

Moitas horas nuns espazos que teñen que poder facilitar a aprendizaxe, o xogo, o movemento e a construción de relacións e experiencias de calidade baseadas na igualdade e o respecto pola diversidade.

Entre a comunidade educativa hai un claro consenso en que todo o espazo exterior do centro é un espazo educativo moi relevante para a mellora da saúde e benestar, para as aprendizaxes ao aire libre, como espazos de socialización,...

Promocionar a actividade física na contorna escolar ademais de ser beneficiosa para a saúde favorece o benestar psíquico e as relacións interpersoais entre o alumnado.

Asinado o día 25/08/2025 ás 17:44
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 25/08/2025 ás 17:44
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

109191

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32274
Data envío: 25/08/2025 17:48:19.107

Pero tamén é necesario que eses espazos exteriores ofrezan outra diversidade de xogos e posibilidades, e que poidan permitir o goce da natureza, o seu coidado e experimentación e a aprendizaxe nela e incluso ampliar os ciclos formativos.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a investir na cuberta e aproveitamento do espazo exterior do centro educativo público IES de Mos para que se converta en verdadeiro espazo educativo?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a por en marcha o Ciclo medio de guía no medio rural e de tempo libre no IES de Mos?

Parlamento de Galicia, 25 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

109192

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 25/08/2025 17:44:27

Julio Abalde Alonso na data 25/08/2025 17:44:34

Silvia Longueira Castro na data 25/08/2025 17:44:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32274
Data envío: 25/08/2025 17:48:19.107

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 17:48:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32274
Data envío: 25/08/2025 17:48:19.107

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32262
Data envío: 25/08/2025 15:05:07.553

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O 9 de xullo de 2025 o Goberno de España presentou no Congreso dos Deputados un ambicioso Plan estatal de prevención e loita contra a corrupción, elaborado en colaboración coa OCDE, o Consello de Europa (GRECO), a Comisión Europea e o Foro de Goberno Aberto.

Este plan representa un avance histórico na modernización institucional e na construción dunha cultura pública de integridade e transparencia, con especial atención á contratación pública, ámbito sensible con alto risco de irregularidades e de fraude. A colaboración con expertos internacionais garante que estas medidas estean baseadas nas boas prácticas recoñecidas a nivel mundial.

O primeiro eixo do Plan, centrado na prevención da corrupción, supón un avance decisivo na construción dunha administración máis aberta, eficiente e inmune ás prácticas clientelares. Entre as medidas máis salientables atopamos:

- A creación dunha axencia independente de integridade pública, con autonomía funcional, encargada da supervisión preventiva e do control dos riscos de corrupción.
- A elaboración dunha lei de administración aberta que afofnde na participación cidadá e na transparencia proactiva.

Asinado o día 25/08/2025 ás
15:03
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 25/08/2025 ás
15:03
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

109195

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32262
Data envío: 25/08/2025 15:05:07.553

- A aprobación dunha lei de transparencia e integridade dos grupos de Interese, para regular a súa actividade e influencias na elaboración normativa e na toma de decisións políticas.
- O establecemento de controles patrimoniais aleatorios sobre altos cargos, que garantan o control do enriquecemento ilícito.
- A modernización do portal de contratación pública, incorporando tecnoloxías avanzadas como a intelixencia artificial para a detección de prácticas irregulares.

A corrupción, alén do seu impacto penal, erosiona a cohesión social, alimenta o descrédito institucional e supón unha perda directa de recursos públicos que deberían destinarse a servizos esenciais. Galicia, como comunidade autónoma con competencias plenas en materia de organización administrativa, contratación pública e control do seu sector público, non pode permanecer á marxe deste esforzo estatal de rexeneración democrática.

Resulta necesario, polo tanto, adaptar e implantar en Galicia as medidas do primeiro eixo do Plan estatal, dotando á nosa comunidade dos instrumentos necesarios para anticipar e previr calquera práctica corrupta, e situando á cidadanía no centro das políticas de transparencia e integridade.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita a contestación ás seguintes preguntas:

1. Ten previsto o Goberno galego impulsar a creación dunha axencia galega de integridade pública?
2. Prevé o Goberno galego presentar unha lei galega de integridade e rexeneración democrática na presente lexislatura, que estableza obrigas claras

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

109196

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32262
Data envío: 25/08/2025 15:05:07,553

en materia de conflitos de intereses, incompatibilidades, regulación das portas xiratorias?

3. Prevé o Goberno galego impulsar a regulación dos grupos de interese en Galicia?

4. Estuda o Goberno galego establecer controles patrimoniais aleatorios a altos cargos como ferramenta preventiva fronte ao enriquecemento ilícito?

5. Que plans existen para modernizar o portal de contratación pública galego con ferramentas de análise automatizada e intelixencia artificial?

6. Comprométese o Goberno galego a presentar informes periódicos ao Parlamento sobre o grao de execución destas medidas, cunha avaliación obxectiva dos seus resultados

Parlamento de Galicia, 25 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109197

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/08/2025 15:03:39

Paloma Castro Rey na data 25/08/2025 15:03:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32262
Data envío: 25/08/2025 15:05:07,553

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 15:05:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32262
Data envío: 25/08/2025 15:05:07,553

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 11:11:00
Nº Rexistro: 32392
Data envío: 26/08/2025 11:11:00,157

Asinado o día 26/08/2025 ás 11:06
Por Carlos López For

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

As promocións de Galivivienda no barrio coruñés de Xuxán parten da cesión de 5 parcelas adxudicadas pola Xunta de Galicia, que primou sobre outros criterios, incluso sobre a calidade arquitectónica, o prazo de reversión das vivendas á Administración autonómica.

Unha vez recibidas as parcelas, a adxudicataria cedeu unha delas á Luzada. O valor total das 4 cedidas a Galivivienda ascende a 4,5 millóns de euros.

A Galivivienda correspóndelle construír 224 vivendas que poderá explotar durante 50 anos desde a adxudicación do chan, en xullo de 2023. Estas vivendas contan cunha subvención do Goberno de España, a través dos fondos do Plan de recuperación, de 10.748.754 €.

Esa subvención fixa dúas condicións: que as vivendas estean rematadas antes do 30 de xuño de 2026 e que os prezos de alugueiro sexan de 343 € para un piso dun dormitorio, 423 € para dous dormitorios e 530 € para tres.

Porén, a xestora foi modificando o plan económico para as persoas cooperativistas. Acortou a 120 cotas o prazo para a achega de capital e incrementou en 10.000 € o total a aportar, pasando de 53.000 € a 63.000 €. Isto obrigaba a pagar, durante 10 anos e ademais do alugueiro, 475 € mensuais en concepto de capital para a construción do edificio. No primeiro

Asinado o día 26/08/2025 ás 11:06
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 26/08/2025 ás 11:06
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

109200

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 11:11:00
Nº Rexistro: 32392
Data envío: 26/08/2025 11:11:00.157

plan económico, esa mesma cantidade —descontada a achega previa á entrega de chaves (uns 13.000 €)— aboábase en 36 anos.

En total, as persoas cooperativistas acabarían pagando 63.000 € máis o seu alugueiro, o que suporía arredor de 400.000 €, sen que ao cabo de 50 anos fosen propietarias da vivenda. A cesión de dereitos de superficie revertería entón á Xunta, como propietaria do chan, incluíndo os edificios construídos.

Galivivienda e Gesviego, a xestora contratada pola adxudicataria e que teñen as mesmas persoas ao fronte, chantaxearon aos cooperativistas coa data límite do 15 agosto para que asinasen as cotas abusivas e as condicións sen concretar que lles impoñían, ou quedaban fóra.

A xestora xustificou estas condicións alegando que eran necesarias para obter financiamento do Instituto de Crédito Oficial (ICO), pero non é certo. Acudiu ao ICO só despois de ser rexeitada por entidades bancarias privadas, incluídas entidades de banca ética, onde si o conseguiu A Luzada. O ICO segue estudando a súa posible participación.

É totalmente irresponsable culpar ao ICO do plan económico-financeiro proposto pola xestora, e máis aínda, pretender modificalo sen ter garantido o financiamento.

Ademais, en abril de 2024 a xestora solicitou a licenza de obra sen aboar taxas nin avais ata marzo de 2025, é dicir, dous anos despois de adxudicárselle a cesión do chan. Polo camiño, subrogou a varias persoas cooperativistas noutra cooperativa para mellorar o seu *rating* de cara á obtención de financiamento.

O Concello da Coruña cumpriu coa aprobación das licencias en tempo e hora; o Goberno do Estado cumpriu coa Xunta: aprobou e transferiu en prazo unha subvención de 10,7 millóns de euros. Por iso, a día de hoxe, unha das

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109201

28071 Madrid

@PSdeG



principais preocupacións é que as vivendas estean rematadas antes do 30 de xuño de 2026.

En toda esta operación urbanística opaca, que provoca un prexuízo enorme ás familias afectadas, a Xunta fixo caso omiso das peticións destas, así como das do Concello e do Ministerio de Vivenda. Ademais, omitiu a súa obriga de fiscalizar o cumprimento das condicións da licitación, permitindo que se desvirtúe o carácter social desta promoción, malia os millónarios recursos públicos destinados a tal fin.

Ante esta situación, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Por que a Xunta primou na adxudicación das parcelas de Xuxán os prazos mínimos de devolución das parcelas e vivendas á Xunta (50 anos) fronte a outros criterios?
2. Pensa que esta é razón de que o Plan económico de Galivienda sexa inviable e que estea a causar estas dificultades?
3. Por que non se obriga a Galivivienda a manter os termos sociais da adxudicación?
4. Por que non se obriga a Galivivienda a que actúe coa máxima transparencia coas persoas cooperativistas, dándolles toda a información que precisen para adoptar as súas decisións?
5. Canto dos 10,7 millóns transferidos polo Goberno de España á Xunta chegou realmente á xestora da cooperativa de Xuxán?
6. Cales son os termos de contratación da xestora por parte de Galivivienda?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 11:11:00
Nº Rexistro: 32392
Data envío: 26/08/2025 11:11:00,157

7. Canto cobrará a xestora? É verdade que cobrará entre 4 e 5 millóns, segundo denuncian os cooperativistas?

8. É verdade que tal e como denuncian os cooperativistas, os técnicos da Xunta lles dixeron aos cooperativistas que se buscasen un avogado?

9. Era coñecedora a Xunta de que Galivivenda e Gesvieco teñen ao fronte as mesmas persoas?

10. Estase a comprobar que Galivivienda cumpre cos pregos da licitación?

11. Considerase un incumprimento a subrogación forzada das familias cooperativistas?

12. Que accións tomou ante os atrasos nas solicitudes e no pagamento das licenzas de obra por parte de Galivivienda?

13. Que pensa facer a Xunta se a axuda do Goberno de España se debe devolver?

14. Se os fondos europeos se perden, continuará a Xunta a construción das vivendas sociais nas súas parcelas?

Parlamento de Galicia, 25 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

109203

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 26/08/2025 11:06:24

Julio Abalde Alonso na data 26/08/2025 11:06:31

Carlos López Font na data 26/08/2025 11:06:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 11:11:00
Nº Rexistro: 32392
Data envío: 26/08/2025 11:11:00.157

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2025 11:11:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 11:11:00
Nº Rexistro: 32392
Data envío: 26/08/2025 11:11:00.157

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 12:19:37
Nº Rexistro: 32402
Data envío: 26/08/2025 12:19:37.058

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O 9 de xullo de 2025 o Goberno de España presentou no Congreso dos Deputados un ambicioso Plan estatal de prevención e loita contra a corrupción, elaborado en colaboración coa OCDE, o Consello de Europa (GRECO), a Comisión Europea e o Foro de Goberno Aberto.

Este plan representa un avance histórico na modernización institucional e na construción dunha cultura pública de integridade e transparencia, con especial atención á contratación pública, ámbito sensible con alto risco de irregularidades e de fraude. A colaboración con expertos internacionais garante que estas medidas estean baseadas nas boas prácticas recoñecidas a nivel mundial.

Así, entre as medidas do plan estatal prevese a incorporación de ferramentas de *Big Data* e intelixencia artificial para detectar irregularidades e mellorar a supervisión dos contratos públicos, así como o establecemento de bandeiras vermellas “red flats” para previr, detectar e corrixir o fraccionamentos do obxecto nos contratos menores.

A opacidade na actuación das administracións públicas constitúe un factor que favorece moitas irregularidades na contratación pública.

O cumprimento do principio de transparencia ao que se debe axustar a contratación do sector público actúa como ferramenta fundamental para

Asinado o día 26/08/2025 ás
12:15
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 26/08/2025 ás
12:14
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

109206

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 12:19:37
Nº Rexistro: 32402
Data envío: 26/08/2025 12:19:37,058

controlar as decisións adoptadas polos órganos de contratación e contribúe a minimizar a comisión de abusos ou irregularidades.

Esta mellora da transparencia na contratación pública do sector público autonómico que se require polo Grupo Parlamentario Socialista refírese, ademais, ao sector institucional da Xunta (sociedades, fundacións) de Galicia que se caracterizou, tradicionalmente, por unha aplicación máis laxa e opaca das esixencias derivadas da normativa contractual.

O cumprimento do principio de transparencia na contratación pública resulta esencial para promover a concorrência, garantir a igualdade de trato dos licitadores e a obxectividade das adxudicacións, así como asegurar a economía, eficacia e eficiencia do gasto público.

A apertura do acceso á información da actividade contractual permite, ademais, controlar o correcto desenvolvemento dos procedementos de adxudicación e da execución das prestacións.

Nos termos expresados pola OCDE, a transparencia é unha condición chave para o fomento da integridade e para evitar a corrupción na contratación pública.

O Goberno galego a través da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, pode implementar estas innovacións para reforzar a integridade e a transparencia en todas as fases do procedemento, por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia incorporar tecnoloxías de intelixencia artificial á Plataforma de Contratos Públicos de Galicia para previr, detectar e corrixir irregularidades, fraudes ou actos de corrupción nas distintas entidades do sector público autonómico?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 12:19:37
Nº Rexistro: 32402
Data envío: 26/08/2025 12:19:37,058

2. Que recursos orzamentarios destinou a Xunta nos últimos dous anos á modernización tecnolóxica da contratación pública?
3. Realizou a Xunta algún estudo de viabilidade ou análise comparada con outras plataformas europeas que xa empregan IA para detectar fraudes en contratación?
4. Ten previsto no Goberno galego estender o xestor de expedientes de contratación (PLATION) a todas as entidades instrumentais; automatizar a transmisión de datos dende o xestor electrónico cara a plataforma e o rexistro de contratos, de forma que se garanta a publicación de toda a documentación e se mellore o seu contido?
5. Vai a Xunta a desenvolver algoritmos e bandeiras vermellas que permitan detectar en tempo real fraccionamento do obxecto dos contratos menores, irregularidades e incumprimentos durante a execución contractual?
6. O Goberno galego ten previsto habilitar na presente lexislatura novos campos na Plataforma de Contratos de Galicia para incluír aqueles trámites para os que non existen espazos específicos reservados ao efecto como contratacións programadas, a licitación de contratos menores e incorporar novas funcionalidades de busca de forma que se mellore o acceso a toda a información suxeita a obriga de publicidade activa, en particular, ás incidencias na fase de execución contractual como as subcontratacións, cesións, modificacións, imposición de penalidades ou resolucións contractuais?

Parlamento de Galicia, 25 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

109208

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 12:19:37
Nº Rexistro: 32402
Data envío: 26/08/2025 12:19:37.058

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109209

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 26/08/2025 12:14:50

Elena Espinosa Mangana na data 26/08/2025 12:15:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 12:19:37
Nº Rexistro: 32402
Data envío: 26/08/2025 12:19:37,058

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 12:19:37
Nº Rexistro: 32402
Data envío: 26/08/2025 12:19:37,058

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2025 12:19:37

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32430
Data envío: 26/08/2025 16:36:17.313

Asinado o día 26/08/2025 ás 16:32
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Cando se lle pregunta o Sr. conselleiro de Sanidade que medidas vai tomar para garantir o funcionamento da sanidade durante o período estival, a resposta é que a Xunta anticipa e planifica os recursos de maneira coordinada en función da demanda asistencial, das previsións de crecemento nas distintas temporadas e o dereito ao descanso dos profesionais do sistema sanitario.

Pero isto é mera teoría porque a realidade é moi diferente. E o verán sempre é unha etapa complicada na atención sanitaria viguesa.

Ninguén quere cuestionar que o persoal ten todo o dereito a coller as súas vacacións, pero ano tras ano as ausencias non se cobren. Por este motivo todos os anos os meses de xullo e agosto son críticos na Atención Primaria, principalmente pero tamén na hospitalaria.

E é crítica porque a Xunta de Galicia non anticipa e non planifica os recursos, senón que o que fai é suspender a actividade nos centros de saúde.

E este ano atopámonos que suspendeu a actividade urxente de tarde de forma temporal nos centros de saúde de Nicolás Peña, Navia, Coia, Rosalía de Castro, Pintor Colmeiro e Tui.

A Xunta de Galicia tampouco é transparente e só podemos intuír que, como sinalamos será de forma temporal, e que cando se reincorporen as persoas

Asinado o día 26/08/2025 ás 16:32
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 26/08/2025 ás 16:32
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

109212

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bo-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32430
Data envío: 26/08/2025 16:36:17.313

profesionais que están de vacacións, volveremos ter abertos os ditos centros de saúde.

Pero a realidade a día de hoxe é que o peche de urxencias en seis centros de saúde ten unhas consecuencias directas, que son a saturación dos PAC ou das urxencias do Hospital Alvaro Cunqueiro.

Por estes e outros motivos cada vez temos maior preocupación pola sanidade publica en Vigo. E a Xunta de Galicia que ten competencias en materia sanitaria, ten unha gran responsabilidade.

Por todo iso é necesario reclamar solucións, para evitar a situación de caos que se ven producindo nos centros asistenciais de Vigo.

Polo que dada esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Pensa a Xunta de Galicia, levar a cabo unha planificación das necesidades de Atención Primaria dos centros de saúde de Vigo durante os meses de verán, para que non se produza minoración dos servizos sanitarios que neles se prestan?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia reforzar os profesionais sanitarios, de acordo coa planificación das necesidades, para evitar as situacións de falta de Atención Primaria que ininterrompidamente se vén producindo nos centros de atención sanitaria de Vigo verán tras verán?

Parlamento de Galicia, 26 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

109213

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 26/08/2025 16:32:30

Silvia Longueira Castro na data 26/08/2025 16:32:41

Patricia Iglesias Rey na data 26/08/2025 16:32:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32430
Data envío: 26/08/2025 16:36:17.313

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32430
Data envío: 26/08/2025 16:36:17,313

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2025 16:36:17

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32436
Data envío: 26/08/2025 16:45:11.300

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O 5 de xullo de 2021 iniciou a súa tramitación o anteproxecto de Lei galega de loita integral contra os incendios forestais, elaborado pola Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellaría do Medio Rural.

Esta norma anunciouse como unha ferramenta pioneira, chamada a reforzar a prevención, protexer vidas e bens, e recuperar a funcionalidade dos sistemas agroforestais tras os lumes.

Foron moitos os anuncios públicos por parte da Xunta, primeiro por Alberto Núñez Feijóo, logo por Alfonso Rueda, e tamén polos conselleiros do Medio Rural.

Todos eles comprometeron a presentación desta lei no Parlamento galego, cualificándoa de “prioritaria” e “imprescindible”.

Porén, catro anos despois da súa posta en marcha, e pechado o proceso de consulta pública o 7 de xuño de 2023, a realidade é que a lei segue gardada nun caixón, pendente de aprobación, convertida nunha máis das promesas incumpridas deste Goberno.

Mentres tanto, Galicia volveu vivir este verán incendios de enorme gravidade, con miles de hectáreas arrasadas, aldeas devastadas e veciñanza evacuada.

Asinado o día 26/08/2025 ás
16:42
Por Lara Méndez López

Asinado o día 26/08/2025 ás
16:42
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109216

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32436
Data envío: 26/08/2025 16:45:11.300

Os incendios de quinta e sexta xeración, que xa viñan sendo advertidos polos expertos e polos ditames parlamentarios, fixéronse realidade, sen que a Xunta puxese en marcha os instrumentos normativos e organizativos que levan anos anunciando.

A inexistencia dunha nova lei integral é a demostración máis clara da falla de vontade política dun Goberno máis preocupado pola propaganda que pola xestión real.

Unha vez máis, a improvisación substituíu á planificación, e a inacción deixou en evidencia a falta de compromiso da Xunta coa defensa do territorio e coa seguridade da cidadanía.

Cómpre lembrar ademais que a revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, do 30 de setembro, cara á neutralidade carbónica, foi obxecto dunha encomenda de xestión, estipulando como prazo máximo o ano 2025, continúa sen ver a luz.

Sen unha lei integral contra os incendios, Galicia segue carecendo das dúas ferramentas fundamentais para afrontar o maior desafío ambiental, social e económico do noso medio rural.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista esixe co maior urxencia explicacións e compromisos concretos do Goberno galego, que leva anos enganando á sociedade con anuncios baleiros, e obrigalo a cumprir dunha vez coas súas obrigas en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

109217

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32436
Data envío: 26/08/2025 16:45:11.300

1. Cal é a razón pola que, despois de máis de catro anos e tras múltiples anuncios públicos, a tramitación deste anteproxecto segue bloqueada e sen aprobar?
2. Ten previsto o Goberno galego presentar ao Parlamento, neste 2025, o proxecto de Lei galega de loita integral contra os incendios forestais, cuxo anteproxecto iniciou a súa tramitación en xullo de 2021?
3. Considera o Goberno que é aceptable que, tras un verán de graves incendios en Galicia, a cidadanía siga sen contar coa lei integral tantas veces prometida?
4. En que medida está previsto incorporar ao texto legal as achegas feitas polos concellos, comunidades de montes, organizacións profesionais, entidades sociais e universidades?
5. Dispón a Xunta dun calendario concreto para a aprobación do proxecto de lei e a súa tramitación parlamentaria ou seguirá prorrogando esta promesa incumplida?
6. Que previsión orzamentaria ten o Goberno galego para facer realidade esta lei, e como pensa garantir que non quede nunha declaración de boas intencións sen recursos?
7. Vai prever o proxecto de lei a creación dun corpo profesional único, público e estable de prevención e defensa contra os incendios forestais dependente directamente da Xunta?
8. Que medidas específicas recollerá a futura lei para afrontar os incendios de quinta e sexta xeración, que xa devastaron Galicia nos últimos anos?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109218

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32436
Data envío: 26/08/2025 16:45:11.300

9. En que estado se atopa a encomenda de revisión do Plan forestal de Galicia e cal é a razón pola que aínda non foi presentada nin aprobada?

Parlamento de Galicia, 26 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109219

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/08/2025 16:42:41

Lara Méndez López na data 26/08/2025 16:42:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32436
Data envío: 26/08/2025 16:45:11.300

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2025 16:45:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32436
Data envío: 26/08/2025 16:45:11.300

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á proposta da presidenta da Comisión Europea de marco financeiro plurianual da UE 2028-2034.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os sucesivos conselleiros de Mar veñen manifestando en sede parlamentar en distintas ocasións que “o 80% do orzamento da Consellaría procede dos fondos FEMPA” e malia que o baixo grao de execución dos mesmos durante todos estes anos non permitiu que as axudas chegaran “de maneira efectiva á economía real”, tal e como manifestou o Consello de Contas no seu informe sobre a execución dos fondos europeos no ano 2022, é evidente que sen eles moitas das importantes necesidades do sector do mar serían imposíbeis de atender.

É por iso que a recente proposta efectuada no mes de xullo pola presidenta da Comisión Europea sobre o novo marco financeiro plurianual (MFP) para o período 2028-2034, que recorta un 67% os fondos específicos para a pesca, que se reducirían dos 6.108 millóns de euros do FEMPA actual, xa rebaixados en 105 respecto do anterior FEMP, a 2.000, é inasumíbel para Galiza.

Trátase dunha proposta inicial que claramente pon os intereses da OTAN por enriba dos intereses da cidadanía priorizando o gasto militar, que aumenta exponencialmente, a costa do gasto social e que pon en serio risco a viabilidade do propio sector pesqueiro nunha nación altamente dependente da pesca como a galega.

Asinado o día 27/08/2025 ás
11:02
Por Rosana Pérez Fernández



Ademais da diminución de fondos, preténdese unha centralización dos mesmos baseada no modelo de execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, afastando as decisións e a xestión dos territorios máis afectados, quitándolle voz e capacidade ás Comunidades Autónomas e centralizando nos Estados centos de millóns de euros que viñan sendo xestionados por elas.

Tal e como foi avanzada pola presidenta da CE, a proposta de marco financeiro plurianual 2028-2034 supón unha irresponsabilidade absoluta para coa sustentabilidade no actual marco de emerxencia climática e, en definitiva, un ataque frontal aos sectores produtivos galegos, á soberanía alimentaria e ao autogoberno de Galiza.

Por iso faise máis imprescindible ca nunca defender os intereses sociais, económicos e ambientais da cidadanía galega, rexeitando a deriva belicista e subordinada que a UE está a asumir, poñendo no centro as necesidades da xente e destinando os recursos públicos ás súas verdadeiras necesidades.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego da proposta presentada pola presidenta da Comisión Europea no pasado mes de xullo para o novo marco financeiro plurianual da UE 2028-2034?

. Levou a cabo unha análise pormenorizada do mesmo? De ser así, cales son as súas principais conclusións sobre a proposta?

. Ten cuantificado o que suporía para Galiza e para o seu sector pesqueiro a desaparición ou o recorte do FEMPA?

. Que valoración fai da posíbel desaparición do FEMPA e do brutal recorte que se propón para os fondos específicos destinados á pesca?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que consideración lle merece que os recursos públicos dedicados a eses fondos vaian ser substituídos, aínda incrementándoos exponencialmente, por fondos destinados a armamento?

. Que medidas tomou e vai levar a cabo para tratar de reverter o deseño dese MFP?

. Que medidas tomou e vai tomar para tratar de reverter o brutal recorte que se contempla respecto dos fondos para a pesca?

. Que accións vai levar a cabo para que Galiza non quede sen voz nin capacidade para decidir e xestionar o destino dos fondos para a pesca?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 27/08/2025 11:02:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:10:02
Nº Rexistro: 32481
Data envío: 27/08/2025 11:10:02.497

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 11:10:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:10:02
Nº Rexistro: 32481
Data envío: 27/08/2025 11:10:02.497

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 12:00:05
Nº Rexistro: 32549
Data envío: 27/08/2025 12:00:05.925

Asinado o día 27/08/2025 ás 11:57
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font, Paloma Castro Reye Lara Méndez López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

É fácil identificar o Castro de Montealegre de Moaña, dado que é un importante xacemento arqueolóxico que nos traslada á Idade do Ferro e é un exemplo significativo das antigas comunidades celtas.

Poderíamos entrar a describir as súas características, pero limitarémonos a indicar que este castro proporcionou información moi importante sobre a cultura celta: costumes, intercambios comerciais, relacións sociais etc.

Pero quizais foi moito máis coñecido a partires do ano 2017, dado que unha parte moi importante dos veciños e veciñas de Moaña, tiveron que se mobilizar para protexer este ben patrimonial. E todo iso debido a que o desdoblamento do corredor do Morrazo para transformalo en autovía, tiña unha grave afección sobre o castro. Porque situados no ano 2016, a infraestrutura citada podería provocar a destrución da parte sur do Castro.

E estas reivindicacións veciñais, conseguiron que a Xunta de Galicia propuxese unha alternativa construtiva que salvaba o castro de Montealegre.

Pero unha vez evitado o peor, os veciños e veciñas de Moaña, demandaban no ano 2019, a posta en valor do Castro de Montealegre e desta forma conseguiu eliminarse as especies arbóreas invasoras, colocar elementos de protección na zona e paneis informativos sobre o ben cultural.

Asinado o día 27/08/2025 ás 11:57
Por Carlos López Font

Asinado o día 27/08/2025 ás 11:56
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

109227

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 12:00:05
Nº Rexistro: 32549
Data envío: 27/08/2025 12:00:05.925

Pero hoxe a situación volve ser penosa. A protección e conservación dese ben arqueolóxico é fundamental para preservar a historia e a cultura. É imprescindible a súa conservación para que logo sexa posible a súa promoción como patrimonio cultural, asegurando o legado a futuras xeracións.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta de Galicia levar a cabo as labores de roza e limpeza do Castro de Montealegre, así como a instalación dun valado de protección e reposición dos paneis informativos?
2. Vai a Xunta de Galicia potenciar o Castro de Montealegre como recurso turístico, mediante a promoción, publicidade ou calquera outra medida que considere oportuna?

Parlamento de Galicia 27 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109228

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 27/08/2025 11:56:54

Carlos López Font na data 27/08/2025 11:57:02

Patricia Iglesias Rey na data 27/08/2025 11:57:10

Lara Méndez López na data 27/08/2025 11:57:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 12:00:05
Nº Rexistro: 32549
Data envío: 27/08/2025 12:00:05.925

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 12:00:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 12:00:05
Nº Rexistro: 32549
Data envío: 27/08/2025 12:00:05.925

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o remate das obras e á posta en funcionamento da Base de Unidade Operativa (BUO) dos equipos de extinción de lumes en Rianxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após os graves lumes do verán de 2022 na comarca da Barbanza, a Xunta de Galiza anunciou publicamente a creación de tres bases de unidades operativas (BUO) dos equipos de extinción. Unha delas, situaríase nunha parcela cedida polo Concello no parque empresarial de Té, en Rianxo, e estaría en servizo, segundo a propia Consellaría de Medio Rural no verán de 2023.

As obras da mencionada BUO deron comezo en maio de 2023 e a súa execución estaba prevista nun prazo de seis meses, o que xa facía imposíbel a súa operatividade para o verán dese ano, tal e como se prometera.

A comezos de 2024, en plena campaña electoral, nunha visita do propio conselleiro e doutros altos cargos de Medio Rural a Rianxo, a Xunta de Galiza aínda mantiña publicamente que a BUO da comarca do Barbanza estaría operativa para a tempada de alto risco de lumes do verán e aseguraba que o seu remate produciríase dentro do primeiro trimestre dese ano.

En resposta escrita, do 9 de outubro de 2024, a este Grupo Parlamentario, que pedía explicación sobre a demora da posta en funcionamento do servizo, sublíñase

Asinado o día 27/08/2025 ás
13:49
Por Rosana Pérez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

(literalmente) que “está previsto que rematen as obras antes do final do presente ano 2024 e entrarán en funcionamento no primeiro trimestre do vindeiro ano 2025”.

O caso é que a día de hoxe, a piques de rematar xa o terceiro trimestre do 2025, tres anos despois de ser anunciada e dous após que comezaran as obras e con múltiples promesas incumpridas en todo este tempo, o Barbanza non só continúa sen a base de unidade operativa para ser o centro de operacións dos equipos de extinción dos lumes na comarca senón que os traballos para rematala definitivamente seguen parados e continúa o deterioro da parte xa realizada.

Nun verán dramático en canto a incendios forestais no noso país e coa tempada aínda sen rematar, a Consellaría require a outros concellos próximos a Rianxo parcelas para a construción doutras bases mentres non dá rematada e non pon en funcionamento a dese concello .

É a enésima mostra do desleixo e da falla dunha política planificada no que aos medios destinados ao combate contra os lumes se refire, mais tamén en canto ao seguimento e execución dos fondos públicos que xa é sinal de identidade dun Goberno que non é quen de levar a cabo os seus propios e reiterados compromisos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal é a razón pola que as obras da base de unidade operativa dos equipos de extinción dos lumes de Rianxo aínda non están rematadas, tres anos despois de ser anunciada e despois de se ter superado amplamente o prazo para a súa execución?

. Considera que o risco de incendios na comarca do Barbanza pode permitirse tal demora?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

. Cando ten previsto a Xunta de Galiza que finalmente conclúan as obras? E cando que entre en funcionamento a BUO da comarca do Barbanza, situada no parque empresarial de Rianxo?

. Cantas bases deste tipo vai construír nesa comarca e limítrofes? En que prazo?

. Por que razón se está a apurar a consecución de cesión de novas parcelas para a construción de novas BUO en concellos próximos a Rianxo sen aínda ter rematada a comezada hai dous anos nese concello? Cal é a planificación da Consellaría de Medio Rural ao respecto no que queda da actual lexislatura?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 27/08/2025 13:49:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:52:23
Nº Rexistro: 32565
Data envío: 27/08/2025 13:52:23.352

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 13:52:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:52:23
Nº Rexistro: 32565
Data envío: 27/08/2025 13:52:23.352

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:54:20
Nº Rexistro: 32566
Data envío: 27/08/2025 13:54:20.548

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No seu discurso de investidura o presidente Rueda prometeu medidas para fomentar as adopcións e loitar contra o abandono de animais de compañía, animaba á cidadanía a darlle a estes animais unha segunda vida e afirmaba que una Galicia con máis mascotas sería una Galicia mellor.

Nós compartimos esta necesidade de implementar políticas de loita contra o abandono e de adopción de mascotas e cremos nos beneficios que un animal de compañía pode reportar.

Neste sentido, a experiencia práctica dos últimos anos no tratamento sociosanitario e preventivo da violencia de xénero e as súas consecuencias demostrou o efecto beneficioso que o acompañamento permanente das mascotas e sobre todo dos cans ten sobre as vítimas.

Quedou demostrado que a terapia psicolóxica de recuperación asistida con cans de acompañamento, consegue desenvolver un vínculo estreito entre o can e a muller vítima, e con iso un apoio psicolóxico e emocional as 24 horas ao día, axudando a recuperar a autoestima, confianza e seguridade.

Desde o PSdeG creemos que Galicia, como xa o fixeron outras comunidades autónomas debería apostar por este tipo de terapias xa que teñen demostrado uns resultados moi beneficiosos cara á recuperación psicolóxica e emocional de mulleres vítimas de violencia de xénero, así como empoderamento e confianza para poder iniciar un novo proxecto de vida.

Asinado o día 27/08/2025 ás
13:40
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 27/08/2025 ás
13:40
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

109236

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:54:20
Nº Rexistro: 32566
Data envío: 27/08/2025 13:54:20.548

Por iso, desde o Grupo Socialista solicitamos ao goberno da Xunta que dentro das políticas de fomento da adopción de animais de compañía que prometeu implementar nesta lexislatura inclúa a creación do Programa de terapia asistida con animais a vítimas de violencia de xénero (mulleres ou menores) que poida supoñer o inicio dunha nova vida para o can e a súa dona.

Unha terapia asistida con cans que traballe coas vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas á vez que fomenta e se conciencia sobre a adopción animal, polo que ambas partes resultan beneficiadas.

Programas que busquen traballar a situación psicolóxica da vítima, potenciando a súa autoestima, e axudando a superar o trauma sufrido pola situación de maltrato, empregando ao animal con estes fins terapéuticos e utilizando a denominada estratexia WIN-WIN para argumentar a introdución dos cans de diferentes protectoras, que foron maltratados e abandonados, para dar orixe a unha axuda mutua entre a muller e o animal.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que valoración fai o Goberno galego dos programas de terapia asistida con animais a vítimas de violencia de xénero (mulleres ou menores)?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109237

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/08/2025 13:40:49

Patricia Iglesias Rey na data 27/08/2025 13:40:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:54:20
Nº Rexistro: 32566
Data envío: 27/08/2025 13:54:20.548

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 13:54:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:54:20
Nº Rexistro: 32566
Data envío: 27/08/2025 13:54:20.548

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións a levar a cabo polo Goberno galego para evitar consecuencias dos incendios forestais sobre as rías galegas e nos bancos marisqueiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A día de hoxe os datos oficiais da Xunta de Galiza recollen un total de 96.600 hectáreas queimadas en Galiza, cifra ben alonxada da que ofrece o satélite Copernicus da UE, con máis de 165.000 no que vai deste mes.

Descoñecendo os motivos desa importante diferenza, ambos rexistros si coinciden en situar a maior parte dos incendios forestais deste verán no noso país na provincia de Ourense, se ben é certo tamén que se produciron lumes de menores dimensións pero significativos en concellos costeiros, como os de Ponteceso, Corme, Muxía, Fisterra, Vilaboa, Oia, etc.

As previsións metereolóxicas para os vindeiros días apuntan choivas que, aínda que non especialmente intensas, poden empeorar as consecuencias deses incendios sobre os ríos e as rías e, polo tanto, sobre os bancos marisqueiros das distintas zonas.

Polo tanto, ademais da destrución xa provocada nos propios montes por eses lumes é imprescindible tratar de previr posíbeis arrastres de cinzas ás canles fluviais e deseñar os elementos de contención nos puntos máis sensíbeis para que finalmente non rematen afectando ao medio mariño e a un sector, o marisqueiro, aínda non recuperado dos episodios de fortes choivas consecutivas nas últimas campañas.

Asinado o día 27/08/2025 ás
13:57
Por Rosana Pérez Fernández



Cómpre anticiparse e avaliar dende xa a afectación dos solos que arderon nas zonas máis próximas á costa galega e desenvolver todas as medidas necesarias para evitar ou, no seu caso, paliar problemas nos bancos marisqueiros.

Se atendemos á caótica xestión dos incendios forestais deste verán por parte do Goberno galego -denunciada polos propios veciños e veciñas afectadas, polas organizacións sindicais, polas asociacións medioambientais e mesmo por moitos dos axentes forestais da propia Xunta- e aos preocupantes antecedentes doutros anos respecto da afectación dos arrastres dos lumes aos ríos e rías galegas, é obvio que é máis necesario ca nunca poñer todos os medios de prevención, avaliación da situación e contención a dispor do sector pesqueiro e marisqueiro para evitar danos maiores á maior brevidade.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Está a avaliar o Goberno galego as consecuencias dos incendios forestais deste verán que se produciron nas zonas máis próximas ás rías galegas?

. Que actuacións concretas está a levar a cabo ao respecto, dende cando e con que medios exactamente?

. Que actuacións de vixilancia, comprobación, avaliación e, se é o caso, contención, está a levar a cabo a Consellaría de Mar para a detección de posíbeis arrastres e para evitar a afectación aos bancos marisqueiros?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2025



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 27/08/2025 13:57:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:57:32
Nº Rexistro: 32571
Data envío: 27/08/2025 13:57:32.210

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 13:57:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:57:32
Nº Rexistro: 32571
Data envío: 27/08/2025 13:57:32.210

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas de compensación para as persoas cuxas vivendas e construcións complementarias se viron afectadas pola vaga de lumes deste verán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vaga de lumes que leva arrasadas máis de 100.000 ha no país constitúe unha auténtica catástrofe social, ambiental e económica. A gran dimensión dos lumes supón que extensas áreas visen arrasadas infraestruturas, instalacións, redes e sistemas que prestan servizos esenciais para a calidade de vida dos seus habitantes. Tamén quedaron destruídas centos de vivendas nunha decena de concellos, incluso nalgúns casos levándose por diante a práctica totalidade da aldea. Centos de explotacións agrogandeiras quedaron danadas, igual que os espazos que sosteñen esta actividade.

O impacto é total pola gran destrución de recursos e valores ambientais e porque esta vaga pon en perigo a propia forma de vida da veciñanza dende múltiples factores, sobre os que as Administracións Públicas deben actuar de forma urxente.

O feito de que a vaga ademais se concentre sobre concellos na súa maioría cualificados como Zonas Pouco Poboadas que veñen decrecendo poboacionalmente, fai con que haxa un maior risco de que os incendios supoñan un factor que acelere o declive social e económico. Por iso o goberno galego debe executar de forma áxil, planificada e eficaz un Plan que permita ofrecer á poboación un horizonte de solucións

Asinado o día 28/08/2025 ás
09:52
Por Alexandra Fernández Gómez



aos problemas que se acumulan no inmediato e de expectativas de mellora da súas condicións de vida.

Entre estes aspectos fundamentais a Xunta de Galiza debe atender a grave situación da vivenda e dos espazos urbanos que quedaron afectados. Logo de semanas ardendo en diferentes núcleos e de que a Xunta de Galiza teña levantada xa a alerta 2 xeral na provincia de Ourense é preciso que o goberno galego aporte datos sobre os inmobles e as infraestruturas urbanas danadas.

Polo de agora só se teñen constancia de datos non oficiais ofrecidos polos medios que calculan que podería haber 180 vivendas queimadas, das cales 89 estaban habitadas permanentemente. Vilamartín de Valdeorras sería o concello máis afectado, máis tamén habería vivendas queimadas en 9 concellos máis.

Moitas das persoas que perderon a súa vivenda están temporalmente con familiares ou amigos e outras foron realoxadas polos propios concellos ben sexa nalgunha residencia ou hotel. Por tanto están nunha situación de excepción e de incerteza que agrava aínda máis o dano psicolóxico e moral que supón ter pedido a súa vivenda, o seu entorno e en ocasións tamén o seu medio de vida.

A Xunta de Galiza debe facilitar de forma inmediata unha solución habitacional estable para cada unha destas persoas namentres se lle facilitan os recursos e a mediación necesaria para que poidan rehabilitar as súas vivendas o antes posible e recuperar ou adquirir os bens mobles. Ademais debe terse en conta as necesidades de rehabilitar outras edificacións complementarias ás da vivenda.

Tampouco pode esquecer a Xunta de Galiza que a calidade do espazo construído non remata no espazo privado da vivenda, senón que tamén require de intervir sobre a contorna e o espazo público. Para alén do esforzo que debe acometer na recuperación dos espazos naturais, tamén debe pór o foco na rexeneración e mellora urbanística e na



planificación conxunta do territorio como medida que contribúa a mellorar a calidade de vida e a promover o arraigo da veciñanza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cantas vivendas se viron afectadas pola vaga de incendios deste verán en Galiza?
- Cantos inmobles se viron afectadas pola vaga de incendios deste verán en Galiza?
- Cantos destes tiña consideración de ruína de forma previa ao incendio?
- Cantas das vivendas afectadas constituían a vivenda principal?
- Cantas das vivendas afectadas que constituían a vivenda principal foron parcialmente afectadas?
- Cantas das vivendas afectadas que constituían a vivenda principal requiren dunha rehabilitación integral?
- Cantas das vivendas afectadas que constituían a vivenda principal quedaron en estado de ruína?
- Cantas das vivendas afectadas tiñan un uso esporádico?
- Que criterios de uso vai estipular a Xunta de Galiza á hora de establecer compensacións económicas?
- Que criterios vinculados ás características e estado dos inmobles vai establecer a Xunta para definir as compensacións económicas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 09:55:54
Nº Rexistro: 32581
Data envío: 28/08/2025 09:55:54.961

- Que medidas vai establecer no inmediato para garantir unha alternativa habitacional ás persoas afectadas namentres non rehabilitan a súa vivenda?
- Que recursos de mediación e axilización administrativa vai pór a disposición dos afectados a Xunta de Galiza?
- Que medidas vai aprobar a Xunta para a mellora urbanística e territorial das contornas afectadas polos lumes?
- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza en relación coas vivendas e aldeas queimadas para incentivar o arraigo das persoas afectadas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 28/08/2025 9:52:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 09:55:54
Nº Rexistro: 32581
Data envío: 28/08/2025 09:55:54.961

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 9:55:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 09:55:54
Nº Rexistro: 32581
Data envío: 28/08/2025 09:55:54.961

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á reclamación de medidas sobre os bidóns e os residuos radioactivos depositados fronte ás costas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno ordinario do pasado 9 de xullo, a conselleira de Medio Ambiente respondía á pregunta deste Grupo Parlamentar sobre “que actuacións desenvolveu e vai desenvolver o Goberno galego para que se investiguen e se leven a cabo controis sobre o estado dos residuos radioactivos na fosa atlántica e se avalíen os riscos dos mesmos”, tachándonos de alarmistas e acusándonos de intraquilizar á poboación, mais en toda a súa intervención só foi quen de sinalar unha única actuación levada a cabo dende a Xunta de Galiza: Dirixirse por escrito, o pasado 26 de xuño, ao Consello de Seguridade Nuclear, “que é o organismo competente en materia de protección radiolóxica no Estado”, para “reclamar información”.

A resposta, do 1 de xullo, do Consello de Seguridade Nuclear, segundo a mesma conselleira, afirma “que os niveis de radioactividade están moi por debaixo do fondo radiolóxico natural e por debaixo dos límites legais e dos niveis considerados nocivos”.

Non deixa de abraiar que ante a pregunta de que vai facer o Goberno galego para que se investiguen e se controle o estado dos residuos radioactivos depositados fronte ás costas galegas, a Xunta se conforme cun escrito que non dá resposta a ningunha das dúas cuestións.

Asinado o día 28/08/2025 ás
10:40
Por Rosana Pérez Fernández



Dito doutro xeito, do escrito do Consello de Seguridade Nuclear non se desprenden cales son as accións que se levan a cabo para investigar en que estado se atopan os residuos radioactivos da fosa atlántica e moito menos cales son as que se implementan para controlalo.

Mesmo un dos propios responsábeis da misión francesa Nodssum, levada a cabo polo buque oceanográfico L'Atalante entre o 16 de xullo e o 11 de xullo deste ano, manifestou ao remate da mesma que “como non hai detalle do contido (dos bidóns), o risco de que haxa algo perigoso non se pode desbotar”. Unha expedición, por certo, que vén de realizarse nada menos que 20 anos despois da última, que fora auspiciada polo Organismo Internacional da Enerxía Atómica en 2005 e que só consistiu nunha toma de mostras superficial.

Tampouco existen datos do estado dos bidóns, xa que a propia UE negouse a liderar unha inspección a fondo dos mesmos no 2023 e os científicos da recente misión Nodssum afirman que “o nivel de radioactividade deses refugallos achados será algo que se determine a posteriori, unha vez analizados no laboratorio. Tardaremos meses, porque levamos moito material”.

Malia a falta de datos concluíntes, a Conselleira de Medio Ambiente do Goberno galego aínda foi quen de afirmar naquel Pleno que “eles (o Goberno do Estado) teñen unha obriga e esa obriga é realizar de maneira continuada a vixilancia radiolóxica ambiental en todo o litoral español”, sen ter en conta que os refugallos sitúanse a máis de 600 quilómetros do litoral galego, en augas internacionais, e a unha profundidade de entre 4.500 e 5.000 metros.

Polo tanto, á vista dos escasos datos existentes, ao noso entender ningún Goberno, tampouco o galego, pode ter a certeza de cal é -exacta ou aproximadamente- o estado dos residuos radioactivos da fosa atlántica, polo que a necesidade de investigalo e controlalo obxectivamente existe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E tanto é así que o propio presidente da Xunta reclamou, o pasado 1 de xullo, publicamente ao Goberno do Estado a “máxima información” sobre os residuos radioactivos e afirmou que os Executivos españois deberían nestes anos “ter monitorizado” eses bidóns.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego das súas propias actuacións nos últimos 16 anos a respecto de ter a máxima información sobre os residuos radioactivos depositados dende os anos 50 ata 1982 fronte ás costas galegas?

. Realizou en todos estes anos algunha solicitude de investigación e control dos refugalloos radioactivos ao Goberno do Estado, a algún organismo da súa competencia ou a algún organismo europeo ou internacional? De non ser así, por que razón non o fixo?

. Máis alá de unicamente dirixirse por escrito, o pasado 26 de xuño, ao Consello de Seguridade Nuclear para solicitarlle información, desenvolveu algunha outra actuación antes ou despois desa data?

. Considera que a información que ten neste momento no seu poder é suficiente para coñecer o estado dos bidóns e dos residuos radioactivos que conteñen e polo tanto para ter a certeza de ausencia de riscos?

. Ten coñecemento de se se realizou algún informe ou estudo do estado dos residuos e dos bidóns que os conteñen nos últimos anos por parte do Goberno do Estado ou algún outro organismo estatal ou internacional?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Está disposto a adoptar as medidas para que se realicen inspeccións e monitorizacións dos mencionados residuos radioactivos por parte da Administración competente? De ser así, cando?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/08/2025 10:40:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:47:27
Nº Rexistro: 32590
Data envío: 28/08/2025 10:47:27.589

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 10:47:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:47:27
Nº Rexistro: 32590
Data envío: 28/08/2025 10:47:27.589

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:50:03
Nº Rexistro: 32595
Data envío: 28/08/2025 10:50:03,184

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) de Galicia, foron creados en 2013 para reforzar a resposta rápida en zonas sen parques de bombeiros comarcais.

Unha década despois estes grupos cobren o 34 % das emerxencias do noso territorio pero en moitos casos non contan coas ferramentas e a capacitación necesaria para responder con eficacia e seguridade.

Estes servizos de emerxencias son a primeira liña de defensa ante situacións críticas: incendios forestais, accidentes de tráfico, afogamentos, temporais, rescates en zonas rurais ou montañosas, inundacións, fugas de gas, colapsos estruturais, entre moitos outros. Son a man estendida dos concellos cando a cidadanía máis o precisa.

Pero esta realidade está sostida, demasiadas veces, con medios precarios, con escaseza de persoal profesional, con vehículos obsoletos, e con instalacións e equipos que non están á altura das esixencias actuais. Todo iso, mentres os riscos aumentan. E o cambio climático está agravando as emerxencias que debemos afrontar.

O pasado 30 de decembro a Xunta coas 4 deputacións e a Fegamp asinaron un novo Convenio de Colaboración en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento do grupo de emerxencias supramunicipais cun período de vixencia 2025-2027.

Asinado o día 28/08/2025 ás
10:47
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 28/08/2025 ás
10:46
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

109256

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:50:03
Nº Rexistro: 32595
Data envío: 28/08/2025 10:50:03,184

O dito convenio atribúe ao Goberno galego a obriga de velar polo seu cumprimento e isto pasa tamén por controlar que por parte das outras administracións (concello e deputación) se asuman as competencias nel establecidas.

Competencias como garantir que a instalación base sexa axeitada para a prestación de servizos de emerxencias ou que se cumpra a normativa de prevención de riscos laborais.

Por outra banda, en relación coa cobertura, quedan en Galicia moitas zonas escuras sen cubrir e por exemplo en Pontevedra o intento frustrado de creación en Moraña ou a Lama fai que sega sen cubrir un territorio moi extenso e con alto risco de incendio forestal como son os concellos de Pontecaldelas, A Lama, Campolameiro ou Cerdedo-Cotobade.

En relación co reparto de material por parte da Xunta non se coñecen os criterios que utiliza, como exemplo, se repartiron camións a concellos que non tiñan GES e non a outros que os levan tempo reclamando por telos obsoletos. Repartos que por outra parte son totalmente discrecionais, xa que non existen criterios que os regulen.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que se están a desenvolver de forma eficiente e eficaz os Servizos de Emerxencia Supramunicipal?
2. Que criterios de reparto de material entre os diferentes GES utiliza o Goberno galego?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

109257

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:50:03
Nº Rexistro: 32595
Data envío: 28/08/2025 10:50:03,184

3. Ten previsto o Goberno galego ampliar o número de GES existentes co fin de que non existan zonas sen cubrir no noso territorio?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

28071 Madrid

109258

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/08/2025 10:46:55

Patricia Iglesias Rey na data 28/08/2025 10:47:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:50:03
Nº Rexistro: 32595
Data envío: 28/08/2025 10:50:03,184

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 10:50:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:50:03
Nº Rexistro: 32595
Data envío: 28/08/2025 10:50:03,184

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:03:48
Nº Rexistro: 32602
Data envío: 28/08/2025 11:03:48,535

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A transición enerxética xusta e sustentable require dun compromiso decidido das administracións públicas co impulso do autoconsumo e das comunidades enerxéticas locais como fórmulas de democratización da produción e consumo de enerxía limpa.

Neste contexto, o Goberno de España, a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), vén de resolver unha nova convocatoria do Programa CE Implementa, financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cun resultado moi favorable para Galicia.

Segundo anunciou o delegado do Goberno en Galicia o 25 de agosto de 2025, a nosa Comunidade recibirá 20,7 millóns de euros para a posta en marcha de oito novas comunidades enerxéticas locais, o que supón máis da metade (53 %) do total dos fondos concedidos en todo o Estado nesta convocatoria. Estas axudas permitirán desenvolver cinco comunidades enerxéticas en Vilar de Barrio (Ourense), unha en Sarreaus (Ourense), outra en Valdoviño (A Coruña) e unha máis en Vigo.

A nivel estatal, os 27 proxectos seleccionados suman 68 MW de nova potencia renovable e 56 kWh de almacenamento, amosando o dinamismo social e económico arredor destas iniciativas e o interese crecente da cidadanía en participar activamente na transición enerxética.

Asinado o día 28/08/2025 ás
10:59
Por Lara Méndez López

Asinado o día 28/08/2025 ás
10:59
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

109261

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:03:48
Nº Rexistro: 32602
Data envío: 28/08/2025 11:03:48,535

Cómpre subliñar que o Goberno de España vén adoptando medidas normativas e económicas de apoio ao autoconsumo e á xeración distribuída. Entre elas figura o proxecto do coñecido como “decreto antiapagamentos”, que incorporaba mecanismos de protección social fronte á crise enerxética e incluía tamén disposicións de fomento do autoconsumo. Un decreto que, cómpre lembrar, contou co voto en contra do PP e o BNG no Congreso dos Deputados, evidenciando a súa falta de compromiso real cunha transición enerxética xusta e accesible para a cidadanía.

Pola contra, a Xunta de Galicia non conta cun programa, cunha estratexia clara para apoiar o autoconsumo e as comunidades enerxéticas locais, limitándose a convocatorias testemuñais, con pouco orzamento, con baixa execución, o que amosa a falta de liderado do Goberno galego e que non aposta polo autoconsumo enerxético.

O contraste coa aposta do Goberno central resulta evidente: mentres se dota de recursos significativos e aposta por un modelo socialmente inclusivo, Galicia permanece á marxe, deixando pasar unha oportunidade para fortalecer o papel dos concellos, cooperativas e particulares na transición enerxética.

Por todo isto, e tendo en conta o interese crecente da sociedade galega en participar activamente na xeración e consumo de enerxía limpa, resulta urxente esixir á Xunta que rectifique a súa inacción neste ámbito.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cal foi o investimento realizado pola Xunta de Galicia nos últimos cinco anos para apoiar proxectos de autoconsumo e comunidades enerxéticas locais?
2. Cal é o grao de execución deses programas e a súa distribución territorial?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

109262

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:03:48
Nº Rexistro: 32602
Data envío: 28/08/2025 11:03:48,535

3. Por que Galicia non conta cun programa autonómico estable e con financiamento suficiente de apoio ás comunidades enerxéticas locais, ao contrario do que acontece co Programa CE Implementa do Goberno central?
4. Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galicia para simplificar a tramitación administrativa e facilitar o acceso de concellos, cooperativas e particulares ás iniciativas de autoconsumo compartido?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia aprobar unha estratexia galega de autoconsumo e comunidades enerxéticas locais, con obxectivos medibles e recursos suficientes, que complemente os fondos estatais?
6. Que valoración fai a Xunta de Galicia do feito de que Galicia acapare máis da metade dos fondos da última convocatoria estatal do Programa CE Implementa, fronte á ausencia dun esforzo propio da Administración autonómica neste eido?

Parlamento de Galicia, 27 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

109263

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 28/08/2025 10:59:49

Lara Méndez López na data 28/08/2025 10:59:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:03:48
Nº Rexistro: 32602
Data envío: 28/08/2025 11:03:48,535

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 11:03:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:03:48
Nº Rexistro: 32602
Data envío: 28/08/2025 11:03:48,535

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:12:45
Nº Rexistro: 32609
Data envío: 28/08/2025 11:12:45,558

Asinado o día 28/08/2025 ás 11:10
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela constitúe un recurso fundamental para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e galego-portugués, tanto para estudantes como para profesionais e cidadanía en xeral. O dominio de idiomas resulta chave para a empregabilidade, a mobilidade académica e laboral, así como para a proxección internacional da capital de Galicia, cidade universitaria e de forte atracción cultural e turística.

Porén, a EOI de Santiago leva anos arrastrando limitacións de espazo, escaseza de aulas e infraestruturas que dificultan a correcta organización das súas actividades. O crecemento da demanda de alumnado e a diversidade de niveis obriga a unha planificación complexa, cun número insuficiente de aulas dispoñibles para atender con normalidade as clases presenciais.

A isto súmase a necesidade de ampliar a oferta de idiomas impartidos. Mentres noutras cidades galegas se ofrecen máis linguas estranxeiras, a EOI de Santiago non ten experimentado un desenvolvemento proporcional á súa relevancia como cidade de referencia educativa. Isto supón unha limitación para o alumnado que se quere formar en linguas estratéxicas para o futuro laboral, económico e cultural de Galicia.

Resulta urxente que a Xunta de Galicia dea resposta a estas necesidades, tanto no eido de infraestruturas (habilitación de novos espazos e aulas) como no de programación académica (ampliación de idiomas ofertados).

Asinado o día 28/08/2025 ás 11:10
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 28/08/2025 ás 11:10
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

109266

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:12:45
Nº Rexistro: 32609
Data envío: 28/08/2025 11:12:45,558

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cal é a previsión da Consellería de Educación respecto da ampliación de espazos e aulas na Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela?
2. Ten prevista a Xunta incluír nos próximos orzamentos unha partida específica para obras de mellora ou ampliación desta escola?
3. Que idiomas ten previsto incorporar a EOI de Santiago nos vindeiros cursos e con que calendario?
4. Por que razóns a oferta de idiomas en Santiago resulta máis limitada que noutras cidades galegas con menor poboación e relevancia académica?
5. Cando pensa a Xunta poñer en marcha un proceso de diálogo coa comunidade educativa da EOI de Santiago para dar resposta ás súas necesidades de espazo e programación?

Parlamento de Galicia, 27 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

109267

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 28/08/2025 11:10:37

Julio Abalde Alonso na data 28/08/2025 11:10:43

Silvia Longueira Castro na data 28/08/2025 11:10:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:12:45
Nº Rexistro: 32609
Data envío: 28/08/2025 11:12:45,558

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 11:12:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:12:45
Nº Rexistro: 32609
Data envío: 28/08/2025 11:12:45,558

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:41:33
Nº Rexistro: 32620
Data envío: 28/08/2025 11:41:33,905

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Galicia vén sufrindo unha progresiva degradación do seu territorio forestal debido á falta dunha política de planificación eficaz e á desatención histórica do medio rural. Os incendios forestais, cada vez máis frecuentes e intensos, están afectando gravemente espazos naturais protexidos que constitúen o noso maior patrimonio ambiental e cultural.

Durante este verán de 2025, unha nova vaga de lumes devastou miles de hectáreas en zonas de alto valor ecolóxico, afectando espazos como o Parque Natural do Invernadoiro, as Fragas do Eume, a Enciña da Lastra, Pena Trevinca, *Parque Natural* Baixa Limia-Xurés ou O Courel. Estes espazos son cruciais para a conservación da biodiversidade, a regulación hídrica, a mitigación do cambio climático e o desenvolvemento sustentable do rural galego.

Todo isto ten como consecuencia a destrución do solo, a perda de hábitats e a afectación do patrimonio cultural ante a pasividade da Consellería de Medio Ambiente que estivo ausente.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia consideramos imprescindible revisar en profundidade as políticas forestais e ambientais da Xunta de Galicia do PP e dar un xiro cara a un modelo de xestión forestal sostible, planificado e participado, baseado na prevención real, na restauración ecolóxica e na dotación adecuada dos servizos públicos ambientais.

Asinado o día 28/08/2025 ás
11:39
Por Carlos López Font

Asinado o día 28/08/2025 ás
11:39
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

109270

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:41:33
Nº Rexistro: 32620
Data envío: 28/08/2025 11:41:33,905

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que medidas vai levar a cabo a Xunta de Galicia ante o desastre medioambiental ocasionado polas vagas de lumes do verán 2025 nos diferentes parques naturais do noso territorio?
2. Ten previsto modificar os plans de ordenación dos espazos naturais protexidos afectados polos incendios?
3. Que medidas de prevención desenvolveron nos últimos 5 anos?
4. Van elaborar un informe técnico completo sobre a valoración dos danos causados pola vaga de incendios do verán de 2025, tanto desde o punto de vista ambiental, como social, económico e patrimonial?
5. Que medidas de restauración destes espazos teñen previsto implementar?
6. Que medidas restaurativas aprobaron nos últimos 5 anos nos parques naturais protexidos do noso territorio?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

109271

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/08/2025 11:39:15

Carlos López Font na data 28/08/2025 11:39:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:41:33
Nº Rexistro: 32620
Data envío: 28/08/2025 11:41:33,905

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 11:41:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:41:33
Nº Rexistro: 32620
Data envío: 28/08/2025 11:41:33,905

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de a Xunta dar conta da afectación dos graves lumes forestais deste verán sobre o patrimonio cultural galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este mes de agosto pasará á historia como un manto de loito por causa dos graves incendios que arrasaron xa máis de 100.000 hectáreas na provincia de Ourense, e parte colindante da de Lugo e que foron precedidos por outros lumes devastadores que afectaron a provincia da Coruña, nomeadamente no concello de Ponteceso.

Ás perdas materiais e emocionais de moitas persoas que viron como o perdían todo, súmanse os danos sociais, ecolóxicos, ambientais, económicos e tamén a perda do patrimonio cultural, do que neste momento descoñecemos a auténtica dimensión, pois a Xunta non ten facilitado ningún dato a este respecto.

O monte galego está inzado de múltiples mostras de patrimonio cultural, nomeadamente megalítico, mámoas, antas, dolmens, etc. Nalgunhas ocasións está catalogado, incluso co maior nivel de protección como é un BIC, mais en moitas outras non.

Con todo, mesmo estando catalogado e protexido son moitos os casos que a sociedade ten denunciado o seu abandono e exposición aos lumes ao se permitir estar rodeado de plantacións de eucaliptos ou non respectar a limpeza debida na área de protección. E todo isto coa connivencia da Xunta, tal e como desde o grupo parlamentario do BNG temos denunciado neste Parlamento.

Asinado o día 28/08/2025 ás
13:00
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten avaliado a Xunta o impacto dos grandes lumes forestais de agosto de 2025 no patrimonio cultural galego?
- Que patrimonio protexido como BIC se viu afectado?
- Tiña analizado a Xunta se se cumpría coa normativa de prevención e seguridade ante os lumes no patrimonio cultural BIC e na súa contorna de protección e conservación?
- Que seguimento se fai do cumprimento da normativa a este respecto por parte da Xunta?
- Que actuacións de prevención de incendios desenvolve a Consellería de Cultura en relación ao patrimonio cultural?
- Que medidas prevé poñer en marcha o goberno da Xunta para a reparación dos danos e a restauración do patrimonio cultural afectado polos lumes?
- Que accións está a deseñar para poñelo de novo en valor?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/08/2025 13:00:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:02:06
Nº Rexistro: 32627
Data envío: 28/08/2025 13:02:06.838

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 13:02:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:02:06
Nº Rexistro: 32627
Data envío: 28/08/2025 13:02:06.838

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Este verán 2025 Galicia sufriu un incremento preocupante dos incendios forestais, afectando con especial gravidade a espazos naturais protexidos como as Fragas do Eume, o *Parque Natural* Baixa Limia-Xurés, o Parque Natural do Invernadoiro, a Serra do Courel ou a contorna de Pena Trevinca.

Estes lugares representan non só un valor ambiental incalculable, senón tamén unha fonte de biodiversidade, patrimonio paisaxístico e riqueza para o desenvolvemento sostible do rural galego.

A falta dunha planificación preventiva axeitada por parte da Xunta de Galicia, así como a inexistencia de medidas específicas adaptadas a estes territorios, evidencia unha política forestal centrada unicamente na extinción, esquecendo o coidado continuo e a prevención como ferramentas chave para evitar desastres ambientais que, ano tras ano, se repiten e cada vez con máis virulencia.

Galicia por fin conta con plans de xestión e uso dos seus parques naturais pero neste contexto, resulta urxente que a maiores a *Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático* elabore e implante un plan integral de prevención nos espazos naturais protexidos (PIPENP), que actúe de maneira específica e adaptada á realidade de cada parque ou reserva.

Asinado o día 28/08/2025 ás
13:36
Por Carlos López Font

Asinado o día 28/08/2025 ás
13:36
Por Paloma Castro Rey





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:39:25
Nº Rexistro: 32639
Data envío: 28/08/2025 13:39:25.970

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Existe en Galicia unha verdadeira política de prevención nos espazos naturais protexidos?
2. Que medidas de recuperación dos espazos naturais protexidos polas vagas de lume do verán 2025 ten previsto implementar a Xunta?
3. Tralo acontecido este verán 2025 vai o Goberno galego implementar novas medidas de prevención para evitar a destrución dos espazos naturais protexidos?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

109279

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/08/2025 13:36:44

Carlos López Font na data 28/08/2025 13:36:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:39:25
Nº Rexistro: 32639
Data envío: 28/08/2025 13:39:25.970

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 13:39:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:39:25
Nº Rexistro: 32639
Data envío: 28/08/2025 13:39:25.970

CSV: BOPGDSPG-KyxHyN9bO-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

